



Orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela

2022

Datas de aprobación:

Consello de Goberno: 25 de maio de 2022

Consello Social: 30 de maio de 2022

Índice

I. LIMIAR	3
II. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA USC PARA 2022.....	57
III. ANEXOS	72
Anexo A. Clasificación orgánica do orzamento	73
Anexo B. Orzamento de ingresos 2022.....	76
Anexo C. Orzamento de gastos 2022.....	79
Anexo D. Créditos asignados aos departamentos universitarios	91
Anexo E. Créditos asignados aos centros docentes	93
Anexo F. Crédito para gastos correntes dos institutos de investigación	94
Anexo G. Composición das partidas do fondo de I+D+i.....	95
Anexo H. Información sobre partidas de gasto.....	96
Anexo I. Compensación de custos indirectos.....	245
Anexo L. Cadros de persoal	246
Anexo M. Relación de postos de traballo do PAS	249
Anexo N. Relación de postos de traballo do PDI.....	316

I. LIMIAR

As liñas xerais dos orzamentos do ano 2021, aprobadas no mes de marzo logo dun ano marcado pola pandemia, contemplaban un escenario de finalización da crise sanitaria polo coronavirus SARS-CoV-2 logo dun primeiro semestre no que as restricións sanitarias estaban á orde do día. Máis dun ano despois, non podemos dar por finalizada a crise pero si, o que agardamos que fose, o período máis agudo. A COVID seguiu ocupando unha boa parte da xestión na universidade no ano 2021 e, en xeral, seguiu limitando o desenvolvemento normal da nosa actividade. Co inicio do curso 2021-2022 o reitor manifestaba a súa vontade de presentarse como candidato ás eleccións a reitor, previstas para o mes de abril. A este anuncio seguiu, pouco tempo despois, o do adianto das eleccións, que se celebraron finalmente o 23 de febreiro de 2022.

Ambas as dúas circunstancias condicionaron o regular devir da xestión administrativa e orzamentaria do 2021 e, xa que logo, do cumprimento dos obxectivos previstos.

A prorroga dos orzamentos do ano 2021 permitiu o funcionamento da institución durante este período transitorio, no que era obrigado o respecto ao proceso electoral que debía dar lugar á renovación dos órganos de goberno.

Non obstante, tendo en conta que o impacto máis severo da crise xa se superou, co fin de aprender do vivido xa que o coronavirus aínda segue presente, faremos referencia á xestión deste período na USC. A Secretaría Xeral de Universidades, da Consellería de Educación, Cultura e Universidades, encargou un informe sobre a xestión da pandemia, elaborado polos profesores Bastida Domínguez e Vázquez Taín e publicado en marzo deste ano. As conclusións sobre a xestión da USC neste período son as que seguen:

“Da análise realizada neste informe respecto da incidencia que a crise sanitaria da Covid-19 tivo sobre a actividade da USC, e especialmente do impacto sobre a súa realidade económico-financeira, pódense destacar as seguinte conclusóns:

□ A aparición da Covid-19 provocou unha situación sen precedentes que obligou a tomar un conxunto de decisións con carácter praticamente inmediato. A resposta da USC, tanto na adaptación da súa actividade principal coma nas actuacións relacionadas

coa súa estrutura, amosou unha **alta capacidade de adaptación e flexibilidade** por parte da institución.

- A **estrutura de xestión** deseñada ad-hoc pola USC favoreceu a dita flexibilidade, permitindo tomar decisións conxuntas con *inmediatez* e nun marco de actuación conxunta. O alto **grao de descentralización** de dita estrutura, coordinada nun eixo común en torno a unha figura central de responsabilidade foi unha característica decisiva para a eficacia da equipa de xestión.
- As accións adoptadas pola USC están na liña doutras tomadas por outras universidades do Estado, cun conxunto de recursos e axudas destinadas a favorecer o mantemento da actividade nas mellores condicións posibles. Porén, a **formalización das decisións** da institución compostelana a través de ferramentas regulamentarias (resolucións e comunicacións, principalmente) son características distintivas no conxunto de respostas analizadas no Estado. Ademais, convén destacar a **transparencia e inmediatez** das ditas decisións, postas a disposición da comunidade universitaria en tempo real. De xeito similar, a toma dun conxunto de decisións para o mantemento da actuación dos órganos colexiados reforzou a **lexitimidade** das decisións.
- Outra característica distintiva da actuación da USC no marco da crise sanitaria é a dotación dunha **estrutura de consulta e coidado** para a saúde mental. Con todo, o feito de que esta fose limitada ao estudiantado é un factor limitante da efectividade de esta unidade.
- A parte máis afectada no marco de actuación é a relacionada coa **actividade de investigación**, cuxa paralización inevitable provocou un retardo considerable no desenvolvemento.
- En conxunto, estas actuacións conseguiron transmitir unha imaxe de **planificación** nun contexto de cambio continuo. Esta característica identifícase especialmente nas decisións e instrucións relacionadas co curso 2020-2021.

□ Dende un punto de vista económico, a paralización das actividades presenciais afectou de forma significativa a determinados servizos universitarios que requiren de dita presencialidade, coa correspondente **merma dos ingresos** derivados destes. [...]

□ Á vista dos datos analizados, pódese concluír que a realidade económica-financeira da Universidade de Santiago de Compostela **non se veu afectada no seu resultado conxunto**. O efecto nocivo asociado á caída de ingresos foi contrarrestada cunha actuación con dúas características relevantes: a **eficacia**, reflectida na actuación do Goberno da Comunidade Autónoma e as súas liñas de achegas ordinarias e extraordinarias; e a **eficiencia**, protagonizada neste caso pola propia institución universitaria, asentada na rapidez de toma de decisións e racionalización de gastos. A coordinación entre ambos tomadores de decisión parece decisiva para esta actuación conxunta, que permitiu contrarrestar o efecto nocivo da situación descrita.”

Esta valoración positiva da xestión da pandemia por parte da comunidade universitaria no seu conxunto, non debe facer esquecer que, de acordo coas Contas Anuais da USC do ano 2020, aprobadas o 30 de xuño de 2021 polo Consello Social, a pandemia tivo como consecuencia a incremento do déficit acumulado en cinco millóns de euros.

Unha vez superada esa etapa é o momento de aprobar unhas liñas xerais, e uns orzamentos, que permitan a execución dos proxectos iniciados e dos compromisos adquiridos.

Cabería facer unha reflexión sobre a necesidade de aprobar uns novos orzamentos por un período de seis meses ou, como alternativa, valorar a posibilidade de manter a prórroga dos orzamentos do ano 2021, e iniciar o proceso de elaboración dos orzamentos para o ano 2023 no mes de setembro, en tempo e forma. Débese ter en conta que o reitor comprometeuse a aprobar unhas novas liñas e o correspondente orzamento, aínda que sexa para un período curto, que anticipen os eixos estratéxicos a desenvolver en 2023 e nas que se reflictan os compromisos adquiridos ao longo da campaña, así como os derivados do novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026. De manter a prórroga, non se poderían acometer algúns cambios que derivan, entre outras, de circunstancias alleas en certa medida á vontade da USC entre as que cabe destacar:

- A situación derivada da entrada en vigor da reforma laboral mediante o Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Estes cambios lexislativos teñen unha marcada incidencia no eido da investigación e supoñen un reto para a institución.

- A aprobación e entrada en vigor do novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, que supón un incremento de recursos non previstos nos orzamentos de 2021. É de destacar que na negociación se conseguiu o recoñecemento dun fondo específico para o gasto corrente e de infraestruturas facendo posible, como se explicará máis adiante, incrementar a descentralización do crédito aos centros para atender as súas necesidades nese ámbito.

Polo que á Universidade respecta, e desde o principio de prudencia tendo en conta o escenario económico no que nos atopamos, que será descrito apartado IV, cabe considerar que nos encontramos nunha situación de certa estabilidade orzamentaria, garantida polo novo plan de financiamento ata o ano 2026. A isto debemos engadir, como se verá no apartado seguinte, que a previsión do peche de contas de 2021 é de superávit, e que a contención e o rigor na xestión das contas permitiu un cambio de tendencia ao reducir o déficit de financiamento acumulado que se viña incrementando nos últimos anos, tendencia que a institución debe manter para garantir a viabilidade en contextos de adversidade.

En definitiva, este orzamento e súas liñas xerais terán un marcado carácter transitorio, na medida en que o prazo de execución dos orzamentos é curto, pero cun carácter innovador en tanto que pretenden a súa consolidación no exercicio 2023, para o cal o equipo de goberno iniciará a elaboración do seguinte orzamento no próximo mes de setembro.

UNHA OLLADA AO 2021

O exercicio 2021 estivo condicionado pola xestión da pandemia pero desde unha perspectiva completamente diferente á do ano 2020, debido á experiencia adquirida e á previsión dos recursos necesarios para facerlle fronte.

A previsión do peche de contas anuncia unha situación de lixeiro superávit que, sen dúbida, tivo moito que ver coa prudencia, a contención e unha mellor planificación da incidencia do financiamento da investigación na xestión orzamentaria.

Un ano máis, a Universidade afrontou o pagamento da débeda planificada, o que deixa á institución nun escenario de maior viabilidade económica no medio prazo, como se pode comprobar no cadro de amortización de débeda:

Exercicio	Débeda pendente	Débeda bancaria	Anticipos autonómicos	Anticipos estatais	Anticipos totais	Total para amortizar no exercicio
2022	17.012.963,36	1.856.465,98	646.658,33	84.275,73	730.934,06	2.587.400,04
2023	14.425.563,32	1.871.297,13	646.658,33	45.292,06	691.950,39	2.563.247,52
2024	11.862.315,80	1.886.431,50	468.750,00	45.292,02	514.042,02	2.400.473,52
2025	9.461.842,28	1.901.875,29	468.750,00	-	468.750,00	2.370.625,29
2026	7.091.216,99	1.917.634,82	468.750,00	-	468.750,00	2.386.384,82
2027	4.704.832,17	1.933.716,56	468.750,00	-	468.750,00	2.402.466,56
2028	2.302.365,61	1.833.615,61	468.750,00	-	468.750,00	2.302.365,61

Como xa se explicou en orzamentos anteriores, a situación financeira da Universidade tamén se ve condicionada pola incorporación de remanentes dun exercicio ao seguinte, vencellados á dinámica de ingreso e gasto das actividades con financiamento finalista.

O déficit de financiamento acumulado, que tivera unha evolución lixeiramente positiva no ano 2019, incrementouse notablemente no exercicio 2020 polos efectos da pandemia.

O adianto do peche de contas do exercicio 2021 desvela un cambio de tendencia na evolución do déficit de financiamento acumulado, contribuíndo á estabilidade orzamentaria e que é preciso consolidar nos seguintes exercicios depurando o remanente incorporable en cada exercicio.

Para realizar a revisión das liñas de actuación programadas no ano 2021 hai que ter en conta, como se analizou ao principio, tres circunstancias que condicionaron o ritmo de execución:

- a aprobación dos orzamentos do 2021 polo Consello Social o 7 de maio de 2021, reducindo o exercicio orzamentario a 8 meses.
- a persistencia da pandemia, que condicionou a actividade cotiá da institución e persiste na actualidade
- o proceso electoral desenvolvido desde novembro de 2021 e que culminará coa constitución do Consello de Goberno o 28 de abril de 2022.

Os obxectivos programados nos orzamentos de 2021 contemplaban 5 liñas, 3 prioritarias e 2 instrumentais. De seguido, pásase a dar conta do grao de execución das mesmas.

LIÑAS PRIORITARIAS

1. As persoas

Durante o ano 2021 executáronse en boa medida as accións dirixidas ao alumnado. Mantivéronse as liñas de axuda para paliar os efectos da pandemia, poñendo en marcha un programa de bonos para a manutención que se volveu a convocar para o curso 2021-2022 debido á súa boa acollida. Estimáronse 318 solicitudes (o 76% das presentadas) e as persoas beneficiarias recibiron bonos para 28.000 comidas nas cafeterías e comedores universitarios a consumir durante todo o curso académico, o que suporá unha contía de 154.000 euros.

No relativo a axudas de préstamos de material, atendérónse todas as solicitudes presentadas na convocatoria e tamén aquelas presentadas fóra dese prazo por causas motivadas.

Por último, na liña de axudas para asumir o custo da conexión á rede, estimáronse 120 solicitudes (o 68%) que supoñen unha contía total de arredor de 24.000 euros.

Os orzamentos do ano 2021 contemplaban outras accións específicas dirixidas a mellorar a contorna na que o alumnado desenvolve a súa actividade, conectándoas co Plan de mellora da calidade de vida dos campus que se analizará no apartado 3. Tamén se recuperou, na medida do posible, a actividade cultural e deportiva.

Na procura do benestar psicolóxico dos/as estudiantes, que constitúe unha preocupación crecente agudizada polos efectos da pandemia, púxose en marcha no Pavillón Estudantil a Unidade de Atención Psicolóxica. Desde o seu inicio, atendeu a 342 pacientes de xeito telemático e tamén presencial, o que constata a necesidade de manter este servizo.

Polo que se refire ao cumprimento dos obxectivos marcados no ámbito do persoal docente e investigador, cómpre sinalar que, tal como se sinalaba nas Liñas Xerais 2021, durante o exercicio se abordou a execución da terceira anualidade do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022. Os eixes vertebradores desta actuación sinalados nas Liñas eran:

1. A aposta pola incorporación de novo profesorado co fin de compensar o elevado número de xubilacións previsto para o exercicio de 2021.
2. A estabilización en prazas estruturais do persoal docente e investigador con contratos temporais.
3. A promoción do profesorado acreditado para corpos docentes.

A partida de mellora do ano 2021, dotada con 720.000 euros, permitiu acadar os obxectivos da Planificación. Para alcanzar estes obxectivos, aprobouse nos órganos de goberno a Planificación de actuacións en materia de PDI 2021, que, como accións más destacadas, incluíu a creación de 61 prazas de profesorado axudante doutor, que foron

asignados a áreas con necesidades estruturais, e 14 prazas de profesorado contratado doutor, 68 de profesorado titular de universidade e 35 de catedrático/a de universidade, o que permitiu a estabilización do profesorado axudante doutor e do persoal investigador RyC que finalizaba os seus contratos ao longo do exercicio, eliminando praticamente a bolsa de profesorado contratado doutor acreditado a titular e reducindo significativamente a bolsa de titulares acreditados a catedrático. Cómpre sinalar que a eliminación destas bolsas permitirá a partir de 2022 implementar novas medidas que faciliten a estabilización do profesorado contratado temporal antes da finalización dos seus contratos, e que posibiliten que esta estabilización se produza directamente na categoría de profesorado titular.

Á marxe da planificación, tamén se recoñeceron os complementos por méritos docentes ao profesorado axudante doutor.

Polo que respecta ao persoal de administración e servizos, os obxectivos centrábanse na convocatoria de procesos selectivos, a reforma e revisión xeral da RPT, a posta en marcha do teletraballo e o desenvolvemento dun modelo de avaliación do rendemento ligado á carreira profesional.

Así, convocáronse 24 procesos selectivos, con 244 prazas en total, que se atopan en estado de execución, estando un deles rematado, o que suporá a toma de posesión de 13 persoas nun prazo moi breve. O 60% desas prazas correspondían ás ofertas de estabilización e consolidación. Así mesmo, ao abeiro do Real decreto lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urgentes para a redución da temporalidade no emprego público, aprobouse unha terceira oferta de estabilización, así como a oferta xeral na que se incluíron prazas procedentes das xubilacións producidas no que ía de ano 2021.

No que vai de 2022 iniciouse a convocatoria de promoción interna, con 5 procesos que supoñen un total de 46 prazas e están en proceso de confección as convocatorias dos procesos pendentes.

Así mesmo, en 2021 convocáronse procesos de provisión tanto en persoal laboral como funcional. Adxudicáronse con carácter definitivo 29 prazas e, na actualidade, están en marcha tres convocatorias de concurso.

Con respecto ao teletraballo, o acordo aprobado en Consello de Goberno o 28 de maio de 2021, entrou en vigor coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia o 23 de xuño de 2021. A primeira convocatoria publicouse o 29 de outubro de 2021, presentándose 157 solicitudes, das que o 55% foron autorizadas.

A posta en marcha do rexistro horario para o persoal investigador e de apoio á investigación permitirá estender esta modalidade, para o que realizará unha nova convocatoria unha vez rematado o período de probas de rexistro e analizadas as incidencias que se están producindo.

Polo que respecta á revisión da relación de postos de traballo, realizáronse modificacións que ascenden a unha contía, en termos consolidados, de 943.094,01 € e supuxeron melloras de nivel para 284 persoas, o 25% do cadro de persoal de administración e servizos, aplicando o criterio previsto na Proposta de Plan de PAS 2019-2022 de conseguir unha maior flexibilidade do cadro de persoal.

Destacan algunas actuacións singulares, como no ámbito dos técnicos de investigación que prestan servizos de apoio á docencia e investigación, onde se crearon agrupacións similares ás configuradas para as agrupacións de edificios e acordouse o cambio de grupo III.3 a III.2.

Creáronse as Unidades de Xestión Administrativa que agrupan o persoal de secretaría dos altos cargos e, no Campus de Lugo, unha Administración de Campus que facilita a coordinación entre servizos e órganos de goberno. Modificouse o cadro de persoal do Parque Móbil, configurando unha promoción interna do persoal, e creáronse, así mesmo, varios postos en diferentes unidades que contribuíron á distribución máis efectiva das cargas de traballo.

Unha das modificacións de máis calado consistiu no incremento de nivel dos postos: concretamente pasaron de nivel 15 a 17 todo o persoal auxiliar administrativo, do nivel 18 ao 19 nas secretarías de decanato, do nivel 20 a 22 todo o persoal con responsabilidades de xestión económica e orzamentaria e de nivel 22 a 24 o persoal responsable das Unidades de Xestión de Centro e Departamentos de 9 centros. Isto supuxo un incremento retributivo que afecta a un total de 245 persoas.

Nos ámbitos de xestión académica e de xestión económica constituíronse grupos de traballo para a análise de funcións e postos que sentarán as bases da reforma, se ben será necesario retomalos unha vez renovados os órganos de goberno.

Ao igual que no caso anterior, a Sección de Avaliación e Reforma Administrativa que tiña, entre outros obxectivos, introducir a avaliación do rendemento para o desenvolvemento da carreira profesional, viuse aprazada polos condicionantes descritos anteriormente. Este proxecto adquirirá ainda maior importancia, ao formar parte dos compromisos do reitor durante a campaña electoral, e converterase nunha ÁREA que, ademais doutras cuestiós, será a encargada do obxectivo mencionado.

2. A investigación

No eido da investigación formuláronse catro obxectivos cos seguintes resultados:

En primeiro lugar, púxose en marcha o programa piloto de xestión de ingresos indirectos dirixido, inicialmente, aos centros singulares de investigación. Deseñouse como un programa plurianual de catro anos, no que os centros deberán someterse a unha avaliación no segundo ano para comprobar o cumprimento dos obxectivos formulados, ligados ao investimento dese financiamento para a obtención de máis recursos ou para a redución de gasto.

Ademais deste programa piloto, tamén se puxo en marcha outra iniciativa de descentralización de recursos para mantemento e obras de mellora, cunha dotación de 250.000 € procedente do convenio de I+D+i coa Xunta de Galicia e que se desenvolveu coa mesma filosofía que se aplica na descentralización de recursos ao centros docentes, é dicir, ter autonomía para xestionar directamente obras de reforma, ampliación e mellora de equipamento, en coordinación coa Xerencia.

En segundo lugar, no relativo á convocatoria de persoal investigador distinguido, convocáronse 11 prazas, das que 5 correspondían á convocatoria institucional, na modalidade Manuela Barreiro. Isto supuxo a integración de persoal investigador cun perfil especializado en grupos de referencia competitiva non adscritos a centros singulares, que se manterán ata o 31 de decembro de 2024.

Así mesmo, en decembro de 2021 convocouse un plan propio de captación de investigadores/as predoutorais en formación cun total de 22 contratos que permitan a incorporación de persoal no inicio da carreira investigadora en áreas de coñecemento da Universidade baseándose en dous parámetros:

- A relación entre os contratos predoutorais captados pola área nos últimos anos e o número de créditos matriculados que representa o seu encargo docente.
- O número de profesores/as de máis de 62 anos adscritos á área, corrixidos en función da capacidade docente da área de coñecemento.

Concorreron case 200 aspirantes, o que pon de manifesto o éxito da iniciativa, e atópase nestes momentos en trámite de resolución.

En terceiro lugar, o proceso de equiparación previsto no *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela* completouse praticamente na súa totalidade, e supuxo no 2021 unha contía de 194.000 €, contribuíndo á mellora das condicións deste persoal.

Aínda que non estaba previsto nas liñas xerais do 2021, tamén cómpre mencionar o *Acordo sobre o recoñecemento da antigüidade do persoal investigador e de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela*, acadado en setembro de 2021, e que lle recoñece este derecho a preto de 500 persoas cun custo nese exercicio de 62.000 euros.

Así mesmo, a decisión de incrementar o salario do persoal predoutoral das convocatorias FPI e FPU do Ministerio das convocatorias 2016, 2017, 2018 e 2019, en aplicación da táboa salarial do IV Convenio Colectivo como referencia para o cálculo das súas retribucións, supuxo un investimento en 2021 de 190.000 €.

En cuarto lugar, procedeuse ao lanzamento dunha expresión de interese para a definición de áreas estratéxicas no marco do Campus da Cidadanía. Estas áreas concretáronse en dúas propostas de novos institutos de investigación en humanidades e ciencias sociais. No primeiro caso, unha comisión de profesores do ámbito das Humanidades formulou unha primeira axenda científica que foi avaliada por unha

comisión de expertos que estivo discutindo cos investigadores presencialmente os pros e contras da proposta. Neste momento, estase avaliando un segundo borrador da mesma.

Respecto ao instituto de Ciencias Sociais, os profesores involucrados nas propostas iniciais, como resultado do chamamento de expresións de interese, mantiveron contactos encamiñados a presentar unha axenda científica.

Na mesma liña, a finais de 2020 o Consello de Goberno aprobou a creación de CRETUS e o Instituto de Materiais, estruturas que xurdiran a partir de agrupacións estratéxicas. Ao longo do 2021 estes novos centros traballaron nos seus procesos de vinculación de investigadores así como na consolidación das estruturas. No caso da agrupación Biorredes ao longo de 2021 traballouse na identificación da axenda científica e no estudo das distintas alternativas para o impulso á consolidación de estruturas de investigación nos ámbitos de Campus Terra.

Durante o ano 2021 formalizouse a creación de tres centros interuniversitarios: o Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGa), no ámbito das matemáticas; o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), no ámbito das Ciencias Sociais e as Humanidades, e o Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade (ECOBAS).

Os dous primeiros teñen a súa sede en Santiago de Compostela, contando cunha participación moi destacada de persoal investigador da USC.

Cómpre tamén mencionar neste apartado a obtención da acreditación de Campus Terra como campus de especialización, recoñecida por Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 10 de agosto de 2021. Esta especialización suporá o investimento de catro millóns de euros no período 2022-2025 dirixidos á mellorar as estruturas de investigación, fortalecer os recursos de investigación existentes no Campus e implantar unha estratexia docente e de investigación acorde cos eixos principais formulados no Campus Terra.

3. Os medios necesarios

A planificación é un elemento clave para renovación e mantemento dos recursos necesarios para a nosa actividade. A meirande parte das actuacións programadas neste eixo atópanse en instrumentos de planificación, nomeadamente a Programación Plurianual 2019-2022, a través do eixe 6 “Xestionar os recursos de forma intelixente” e o Plan de Infraestruturas aprobado por Consello de Goberno e Consello Social en decembro de 2019.

A continuación, descríbese o grao de desenvolvemento das actuacións previstas en 2021.

As actuacións principais previstas no proxecto Cidade da Saúde que se executaron en 2021, cun investimento de 4,2 millóns de euros, foron as seguintes:

- Edificio da Facultade de Medicina e Odontoloxía na rúa San Francisco
 - Inicio dos traballos para a redacción do proxecto básico e de execución da reforma integral da Facultade de Medicina e Odontoloxía
 - Rehabilitación de fachadas e carpinterías
 - Substitución do sistema de calefacción de gasóleo por un sistema de caldeiras de gas
- Edificio de Odontoloxía
 - Reforma do segundo andar da área clínica e de prácticas de grao
- Urbanización das rúas que conforman a parcela do futuro centro de Ciencias da Saúde
- Preparación e publicación do concurso de ideas para o novo edificio de Ciencias da Saúde.

Na liña de Espazo USC proxectábanse actuacións dirixidas á creación de espazos para as unidades de xestión das facultades, para achegar os servizos ao alumnado e poñer en valor a xestión que se realiza nos centros; renovar os espazos de cafetarías e comedores universitarios, a reforma do Pavillón Estudantil e a mellora da imaxe dalgunhas dotacións dos Campus, como o entorno físico da Facultade de Farmacia a praza do Seminario de Estudos Galegos ou o anfiteatro do Campus de Lugo. En detalle,

as actuacións desenvoltas, cun investimento de 750.000 €, centráronse na redacción de proxectos e licitación das reformas.

No plan de mellora da calidade de vida dos campus formulábanse actuacións encamiñadas á humanización dos Campus, a mellora da seguridade e da mobilidade. As accións desenvoltas contaron cun investimento de 510.000 €

No relativo ás medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional, no ano 2021 a USC deu un salto cualitativo nos procedementos e estratexias destinados a dar a coñecer a USC no exterior coa a incorporación de ferramentas novoidosas de apoio á captación e á proxección internacional. Se ben estas ferramentas posúen un enorme potencial, os beneficios da súa implementación non son perceptibles a curto prazo.

A actuación prevista no Plan director de dixitalización reformulouse como consecuencia da convocatoria do programa Investigo por parte da Xunta de Galicia que permitiría conquetar os obxectivos previstos no Plan con financiamento alleo.

Concretamente, a dixitalización instrumentarase, no marco do Programa Investigo, a través do proxecto “Minaría de datos e analítica de procesos na USC mediante intelixencia artificial e aprendizaxe automática (USC-IA)” descrito na liña instrumental “4. Os medios necesarios” das actuacións previstas para o 2022.

Canto ao Plan director de enerxía e sustentabilidade programábase a elaboración dunha diagnose das infraestruturas de producción e distribución de enerxía así como a elaboración dun plan que fixase criterios para a súa renovación, atendendo aos principios de aforro, eficiencia e sustentabilidade. O investimento nestas actuacións foi de 30.000 €

Polo que respecta ao cambio na xestión da prestación do servizo de limpeza, desde o 1 de agosto de 2021 é prestado pola Fundación USC M.P. O proceso, cun alto grao de complexidade, levouse a cabo con éxito e de forma que o servizo non se interrompeu nin tivo ningún tipo de alteración.

Nos meses de 2021 xa supuxo un aforro de preto de 400.000 euros para a USC e, a revisión das necesidades do servizo e a aplicación de políticas de flexibilidade e mellora na eficiencia dos recursos materiais, permitirá optimizar a prestación do servizo.

O aumento do orzamento descentralizado para obras menores permitiu un grao de consecución maior no mantemento de renovación de equipamentos, mobiliario e instalacións e, polo tanto, unha maior eficiencia na xestión do gasto. Así mesmo, priorizáronse aquelas obras que supoñían a corrección de situacóns de risco detectadas nas avaliacóns de prevención.

Polo que respecta ás cifras, en 2021 os centros recibiron un millón de euros para obras menores e 650.000 euros para equipamento. O grao de execución foi do 96%, confirmando que a estratexia de descentralización permite atender de xeito máis eficiente as necesidades de mantemento e renovación.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Renovación da imaxe e reforzo da comunicación na USC

Nesta liña proxectábanse actuacóns para a renovación da imaxe institucional e a mellora do seu posicionamento no escenario actual. Neste sentido, fixéronse as seguintes actuacóns, cun custo de 115.000 €

- Adaptación da web pública de centros e departamentos á novo modelo de web institucional
- Introdución da nova ferramenta de intranet para centros e departamentos
- Definición da nova imaxe da sinalética externa da USC

5. Colaboración institucional

A colaboración institucional cos Concellos, Deputacións e Comunidade Autónoma continuou no 2021, como eixo estratéxico para a USC, mantendo os convenios que se viñan celebrando nos últimos anos. Tamén hai que ter en conta outras colaboracóns como a mellora da mobilidade do Campus Sur coa eliminación, por petición da USC, de prazas de aparcadoiro na Avenida Doutor Ángel Echeverri.

Pola súa importancia, destacamos neste apartado catro actuacóns singulares durante o 2021:

- Sinatura do protocolo de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo
- Sinatura do convenio de colaboración co Concello de Santiago, Deputación da Coruña e Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para o acondicionamento da pista de atletismo do Estadio Universitario
- Sinatura do convenio coa Axencia de Turismo de Galicia para a rehabilitación da envolvente do Colexio de Fonseca e do Colexio de San Xerome
- Sinatura do convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades para traballos previos de reforma no edificio Monte da Condesa para a sede do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías.

As tres últimas actuacións supuxeron recursos por importe de 1,2 millóns de euros para a súa execución. A isto hai que engadir a adecuación de espazos no edificio Fontán, situado na Cidade da Cultura, e que alberga sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia, que integra a Comisión Interuniversitaria de Galicia – CiUG- e o antigo Bugalicia, consorcio de bibliotecas de Galicia, e onde tamén ten a sede o Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). O investimento ascendeu a case 700.000 €, captados a través de convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Ademais da colaboración institucional, a colaboración público-privada é outro obxectivo da institución, e que no ámbito da investigación ten moita importancia porque permite a transferencia de coñecemento. Neste eido pódese destacar a obtención de financiamento para a ampliación e reforma do Laboratorio de Radiofísica, por un valor de 200.000 euros, co obxecto de desenvolver probas de radiación con destino a unha rede de satélites de baixa órbita.

Por outra banda, no 2021 iniciáronse procesos de cooperación con outras entidades, dando lugar, xa en 2022, a resultados como a integración do Centro de Xenotipado na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

O ESCENARIO ECONÓMICO

Entrando agora no escenario económico e de contexto, cómpre sinalar varias circunstancias que se deben ter en conta para a elaboración dos orzamentos.

Polo que respecta ao escenario actual, é obrigada a referencia a tres fitos importantes:

- A crise sanitaria pola COVID-19 tivo un impacto económico innegable na economía mundial. Os fondos europeos canalizados a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia non tiveron a celeridade necesaria para amortecer as súas consecuencias, polo que medidas como as axudas ao alumnado en situación de vulnerabilidade económica deben manterse durante este tempo de transición.
- O conflito bélico que se desatou coa invasión de Ucraína, ten consecuencias directas na economía e, especialmente, nas economías familiares. O encarecimiento das fontes de enerxía fósiles, e a dependencia delas, supoñen un reto económico global e un problema que afrontar á hora da elaboración dos orzamentos, que deberán prever os posibles custos engadidos nas subministracións. Porén, a situación da Universidade de Santiago de Compostela non é preocupante neste exercicio, como se explicará máis adiante.
- As previsións do escenario macroeconómico de España para os anos 2021-2022 vanse ver modificadas substancialmente, froito dos feitos comentados, como xa apuntaron diferentes organismos, entre eles, o Banco de España ou Funcas, que sinalan que o crecemento será varios puntos menor ao estimado polo Goberno. Os riscos que sinala o informe Funcas, do 30 de marzo, deben terse en conta á hora da xestión dos recursos “[...] una escalada de sanciones derivaría en la ruptura total de las relaciones comerciales entre la UE y Rusia, algo que agravaría la crisis energética y generaría nuevas disrupciones en la cadena de suministros. En ese contexto, una recesión en la eurozona no sería descartable.”

A la inversa, el rápido desenlace del conflicto a raíz de un acuerdo entre las partes, además de ser la mejor opción desde el punto de vista humanitario, estabilizaría los mercados energéticos y ayudaría a contener la inflación, principal escollo en el camino de la recuperación. Sin embargo, incluso en este escenario favorable, perdurarían dos legados de esta crisis. En primer lugar, una inflación subyacente superior al 3 % y que

tiende a crecer, amenazando la competitividad y el bienestar de los colectivos más vulnerables. En segundo lugar, un déficit público exacerbado por la doble crisis pandémica y energética.

El desafío será, por una parte, su coherencia con las reglas fiscales europeas que, aún flexibilizadas, acabarán por reactivarse. Por otra parte, la decisión del BCE de retirar sus compras de deuda, algo que abriría la puerta a una subida de tipos de interés, plantea la cuestión de la sostenibilidad de los desequilibrios presupuestarios. Finalmente, además de los desafíos de política macroeconómica, también se plantea la necesidad de responder al cambio estructural que se necesita como consecuencia de la transición energética.”

A inflación nos prezou, xa afectada polas consecuencias da pandemia pola COVID-19, escalou ata valores históricos, tal e como acaba de publicar o Instituto Nacional de Estatística, situando o IPC en 9.8% no mes de marzo.

Precisamente, falando das regras fiscais europeas, a cláusula xeral de salvagarda activada pola Comisión Europea en 2020, que se traduciou na suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021 aprobada polo Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020, co obxecto de paliar a deterioración que produciu a crise sanitaria, substituíndoas por unhas taxas de referencia ao déficit e á débeda pública, mantívose para o ano 2022.

A duración da pandemia levou a que, en setembro de 2021, o Pleno do Congreso dos Deputados apreciara, por maioría absoluta, que a situación de pandemia supón unha situación de emergencia extraordinaria, de conformidade coa comunicación do acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo de 2021, para os efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, mantendo así a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022.

Así, estes orzamentos deben garantir a estabilidade da institución, planificando con rigor as actuacións prioritarias e xestionando o gasto baixo o principio de prudencia para poder enfrentarnos en mellores condicións ao escenario incerto dos próximos anos.

Mención aparte merece o novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 cuxos puntos de negociación se expoñían nas liñas xerais do ano 2021.

O 16 de decembro Consello da Xunta de Galicia acordou o Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (en adiante, PGFU), logo de un ano de negociacións. A garantía de ter un marco financeiro coñecido e un factor moi positivo porque permite afondar na planificación a medio prazo, tanto para as universidades como para a Xunta de Galicia.

O plan divídese en dous grandes fondos:

- Fondos non condicionados
- Fondos para investigación

O primeiro deles está composto por 6 subfondos destinados ao financiamento xeral da institución e que se reparten entre as tres universidades con criterios obxectivos, medibles e homoxéneos.

Destacan 2 subfondos que constitúen unha novidade con respecto ao anterior plan:

- Por unha banda, o subfondo de Gasto corrente e mantemento de infraestruturas, unha das demandas centrais da USC no proceso de negociación e que se reparte en función da superficie, o persoal e o alumnado das tres universidades.
- Por outra, o subfondo Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, que inclúe contías vinculadas á presentación e cumprimento dun plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica, con indicadores de proceso e resultado. O acceso aos créditos vinculados a este apartado está condicionado ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico, investigador e docente como no eido financeiro que se concretan nos seguintes criterios de asignación:

1- Optimización da oferta docente.

2- Reforzo institucional centros investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia.

3- Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados polas leis de estabilidade orzamentaria (equilibrio orzamentario non financeiro).

4- Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.

5- Elaboración da contabilidade analítica.

6- Publicación da contabilidade analítica.

7- Integración no sistema informático e financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia.

A nova estrutura do plan recoñece as principais demandas realizadas pola USC durante o proceso, entre as que destacan:

- A incorporación de mecanismos de flexibilidade que permitan adaptar o financiamento ás circunstancias económicas en cada ano. O anterior plan estableceu un mecanismo de evolución ríxido que supuxo unha diminución real do financiamento ano a ano. Tal e como recolle o actual plan “*trátase dun instrumento dinámico que debe incorporar todas as novidades que se poidan producir ao longo dun período tan amplio, nun mundo tan convulso como o actual. Unha folla de ruta que da estabilidade, pero que se adapta ás circunstancias cambiantes que se produzan ao longo do quinquenio e que poidan influír o seu desenvolvemento.*” Esta cuestión materializouse con dúas cláusulas de garantía que permitan adaptarse aos distintos escenarios económicos, dentro do marco financeiro da Comunidade Autónoma.

- O novo subfondo para gasto corrente e mantemento de infraestruturas que recoñece a realidade de cada universidade e permite facer unha planificación a medio prazo do mantemento necesario das instalacións, sen prexuízo da captación doutros fondos para obras de maior dimensión.

- Unha revisión e mellora dos criterios de cálculo do subfondo custo estándar, que inclúe as contías a transferir a cada institución en función do custe estimado da docencia, calculado con base nos créditos matriculados e as horas de docencia impartidas consideradas computables no modelo estándar.

Porén, as outras dúas demandas da USC, más importantes se cabe á luz da recente reforma laboral, foron escasamente atendidas. A Universidade de Santiago de Compostela defendeu a necesidade de establecer un financiamento basal da investigación e tamén establecer unha achega específica para a regularización do financiamento de persoal de I+D consolidado para desenvolver unha carreira investigadora propia.

Se ben o plan non atendeu estas cuestións específicamente, abriu a posibilidade de instrumentar parte do fondo de I+D+i a través de contratos programa plurianuais. Agardamos que a actualidade sirva de panca para acelerar o cambio do sistema de financiamento da investigación, buscando mecanismos que proporcionen estabilidade a medio prazo para este ámbito.

Por último, cabe destacar que o subfondo Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica acolle na súa filosofía outra das demandas da USC: dispoñer de recursos non condicionados ou de libre disposición, repartidos de conformidade cos resultados obtidos pola institución. É dicir, máis autonomía a cambio de maior rigor na rendición de contas.

LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO

Como xa se indicou, en setembro de 2021 o Pleno do Congreso dos Deputados acordou manter a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2022. Porén, continúa vixente a normativa sobre a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira, aínda que os índices e cifras actúan como referencia e non como límites de obrigado cumprimento. A Universidade de Santiago de Compostela, nun exercicio de autodisciplina orzamentaria, considera unha boa práctica determinar o límite de gasto non financiero dispoñible para desenvolver a súa misión. O principio de prudencia aconsella non exceder o límite de gasto, aínda que a regra fiscal non sexa aplicable neste exercicio, co fin de que cando se recupere esa obriga a Universidade non se vexa compelida a fazer recortes. Así mesmo, cómpre lembrar que o novo Plan de Financiamento implica medidas de disciplina orzamentaria para as universidades integrantes do SUG.

As administracións públicas, e moi en particular as universidades, non dispoñen dun método obxectivo, uniforme e claro para a determinación do teito de gasto. Atopámonos con que esta obriga ten infinidade de interpretacións e resultados, aínda que traten de responder á filosofía da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Utilizamos como principal referencia o documento divulgativo da AIReF (Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal) de novembro de 2015, e tomamos como fontes interpretativas os distintos modelos empregados polas universidades e resto de administracións.

Para establecer o teito de gasto debemos ter en conta que é precisa a corrección que se deriva da subida retributiva do persoal (2 % en 2022). Do mesmo xeito, é preciso considerar a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo que, de acordo co publicado no Boletín Oficial do Congreso dos Deputados de 25/02/2020, para o ano 2022 quedou establecida no 3,2 %.

De acordo co anterior, o teito de gasto elévase nun 2,4% en termos globais con respecto a 2021. Os datos para a obtención desta referencia son os seguintes:

Gasto computable (non afectado) executado en 2021	193.477.631,53
Subida retributiva 2022 (2 %)	3.260.500,10
Base para cálculo 2022	196.738.131,63
Taxa de referencia de crecimiento do PIB a medio prazo (3,2 %)	6.295.620,21
TEITO DE GASTO NON FINANCIERO 2022	203.033.751,84

Debe poñerse de manifesto que o teito de gasto non financeiro expresado nestas liñas non ten en conta a especial singularidade da USC, na medida en que unha parte substancial do seu teito vén determinada por ingresos e gastos afectados que non se teñen en conta nos criterios fixados pola AIReF. Con estes datos, a cifra máxima de gasto non financeiro sería de 273.726.771,84 € neste momento.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E INSTRUMENTAIS PARA O 2022

As liñas que se presentan están dirixidas ao cumprimento dos compromisos adquiridos e á execución de actuacións iniciadas. Neste sentido, o número de liñas non varía substancialmente. Engádese unha nova liña estratéxica para a mellora da calidade da docencia, co obxecto de mellorar de xeito progresivo a oferta académica e, así mesmo, engádese unha liña instrumental sobre a transformación dixital, un eido no que a Universidade vai experimentar melloras importantes.

Así, no 2022 desenvolveranse as seguintes liñas:

Liñas estratéxicas

1. As persoas
2. A investigación
3. A mellora da calidade da docencia

Liñas instrumentais

1. Os medios necesarios
2. A transformación dixital
3. A colaboración institucional

LIÑAS ESTRATÉXICAS

1. As persoas

Os principios básicos do funcionamento dunha administración, entre os que destacan a boa administración, a eficacia e a eficiencia, esixen, ademais de audacia política, que o proceso de toma de decisións se basee na responsabilidade e no coñecemento. Unha boa decisión sempre vai precedida dunha sosegada reflexión, da análise do contexto e, sobre todo, do coñecemento dos problemas a solucionar e do impacto das solucións a adoptar. Isto, que é un mandato constitucional, no caso das universidades, e da USC en particular, resólvese como imperativo categórico.

Polo tanto, a USC ten como misión xerar e transmitir coñecemento. Por isto, debemos afondar na análise e na diagnose dos problemas, sendo fundamental dispoñer dos datos

precisos para poder facelo. A contabilidade analítica é unha magnífica ferramenta para a análise de custos e ingresos das actividades, pero é preciso conxugar os seus resultados con outros sistemas de información para poder ter unha visión completa da situación da nosa universidade. É preciso avanzar máis para poder decidir mellor, e nesa pretensión crearase unha Oficina de Datos e Proxectos cuxa misión principal será proporcionar a información pertinente para a adopción de decisións, especialmente nos ámbitos nos que é precisa unha transformación.

Tamén se porá en marcha un Centro de Formación de Persoal, no que se atenderá a formación e capacitación de todos os colectivos que conforman o persoal da institución, con formación transversal dirixida a empregados públicos en xeral, e liñas específicas para a formación e innovación docente, a administración e servizos e a investigación e o seu apoio.

A atención á comunidade universitaria seguirá sendo prioritaria, tal e como se comprometeu o reitor no seu programa electoral, e tal e como se vén facendo nos tres últimos orzamentos.

A continuación describense as actuacións previstas para cada colectivo dos que conforman a comunidade universitaria:

a) O alumnado

A incerteza do escenario económico e a persistencia da pandemia poñen en primeiro plano o compromiso da institución para atender as necesidades do alumnado en situación de vulnerabilidade económica. Con este obxectivo, manteranse os programas de axudas ao alumnado para dispoñer de material informático en préstamo e ter acceso a manutención nas cafetarías e comedores universitarios.

A Unidade de Atención Psicolóxica consolidará a súa actividade para prestar atención á saúde mental do alumnado, reforzando na medida do necesario a súa estrutura e recursos co obxectivo de atender unha maior demanda e de forma máis áxil. Este ha de ser un dos núcleos das políticas centradas no alumnado tendo en conta que a saúde mental foi cualificada polos expertos como unha pandemia invisible que afecta en en

xeral á xente moza, debido a un período tan prolongado de crise sanitaria, a presión dos estudos e da carreira investigadora.

Ademais, promoveranse tamén campañas de difusión deste servizo, así como de desestigmatización da saúde mental e da solicitude de axuda.

Nesta liña considérase necesario estender esta prestación tanto ao PDI como ao PAS a través do Servizo de Vixilancia da Saúde como unha das medidas para promover a saúde no traballo.

Na liña comezada en 2021, continuarán as actuacións dirixidas a mellorar a contorna na que o alumnado desenvolve a súa vida académica e universitaria, tratando de achegar os servizos aos centros académicos e de programar actividades culturais e deportivas dirixidas ao colectivo máis importante da comunidade universitaria.

Todas as actuacións deberán garantir e promover a inclusión da perspectiva de xénero e igualdade.

Plan de proxección social da USC

A cultura feita para, por e dende a Universidade debe ser un dos eixos esenciais da identidade comunitaria da USC, así como unha das plataformas dende a que nos proxectemos á sociedade da que formamos parte. Despois de dous anos marcados polas restricións derivadas da pandemia por COVID-19, chegou o momento de reactivar a universidade nun sentido cultural amplo e impulsar a nosa identidade colectiva como motor para a creación, a práctica e a difusión da cultura, o coñecemento científico, a actividade física e o deporte.

Con este obxectivo, poñeranse os primeiros chanzos que consoliden a proxección social da institución e logren que a comunidade universitaria, en xeral, e o estudantado, colectivo esencial polo seu dinamismo en particular, volvan sentir os campus da USC como espazos de convivencia e cohesión onde producir, consumir e compartir cultura. A universidade debe recuperar a súa tradicional importancia á hora de conformar espazos nos que as diversas persoas e colectivos que conformamos a universidade poidamos tecer rede cos lugares que habitamos.

Entendemos que para lograr este obxectivo a universidade debe basear a súa programación nun modelo descentralizado e sostible de consumo cultural e deportivo, onde as facultades, centros asuman un rol protagonista.

Para darlle forma a esta reformulación da proxección da identidade da USC, elaborarase o *Plan de proxección social da USC* que se publicará no último trimestre deste ano 2022, que estará dotado con 270.000 € no exercicio 2022 e que contará con seis eixos centrais:

- a. Crear, dinamizar e potenciar unha rede de colaboración co apoio das facultades e centros

Todas as facultades e centros da universidade forman parte dunha extensa e potente rede na que, con base nunha estratexia colaborativa, a institución debe apoiarse para configurar e proxectar a súa identidade. Neste senso, traballarase e farase pública unha convocatoria de iniciativas culturais e físico-deportivas para os centros. O obxectivo desta proposta é que aqueles que contén con proxectos poidan solicitar financiamento para realizar as actividades concretas dirixidas á comunidade universitaria. Esta convocatoria terá unha dotación total de 100.000 € no exercicio 2022.

- b. Identificar, promover e mellorar a accesibilidade aos servizos

É necesario mellorar a comunicación coa comunidade universitaria á hora de facer coñecedores a todos os colectivos dos servizos dos que poden fazer uso. Para isto, elaborarase un catálogo de espazos de ensaio, exposición e actuación abertos á comunidade universitaria e deseñarase un mapa interactivo de recursos para a práctica de actividades físico-deportivas que se apoiarán na páxina web, así como na aplicación para dispositivos móbiles oficial para a súa difusión.

Procurarase involucrar as asociacións estudiantís representativas en todos os ciclos tanto no deseño como na execución desta liña de actividades.

- c. Relanzar a participación do estudiantado

Nas últimas décadas a tendencia na participación do estudiantado na vida universitaria, en calquera das súas fórmulas, decae notablemente. Promoverase a celebración

dunha xornada de benvida, en Santiago e Lugo, ao inicio do curso académico a nivel institucional para visibilizar os recursos e servizos da universidade e a cidade entre o estudiantado. Farase fincapé nos colectivos de alumnado de nova matrícula así como no de intercambio entrante. Estas accións teñen como obxectivo reforzar as actividades de benvida postas en marcha polas facultades e centros.

Así mesmo, apoiarase e brindaranse recursos para a celebración de actividades impulsadas polo alumnado que persigan o mesmo obxectivo de integración universitaria, formación horizontal (transmitida entre estudiantes) e promoción da representación estudiantil. Con este fin habilitaranse espazos para o estudiantado da USC.

d. Traballar por unha mobilidade sustentable real

A universidade debe ter a sustentabilidade como obxectivo en todas e cada unha das accións que propón. No que afecta á mobilidade, tendo en conta que a USC se ubica en dúas cidades dun tamaño e idiosincrasia similares, moi apegadas ao coidado e desfrute da natureza e cunha necesidade clara de potenciar a mobilidade sustentable, traballaremos en catro sentidos:

- Creación dunha rede de puntos de mobilidade sustentable que consistirá na instalación de estacións de recarga de vehículos eléctricos nos tres campus da universidade.
- Creación dunha rede de puntos de mantemento e reparación de bicicletas e outros vehículos de mobilidade persoal con aplicación en todos os campus da universidade.
- Apostar por facer realidad os proxectos de mobilidade sustentable nos que a universidade ten traballado xa, que se materializaron en Santiago de Compostela nun documento para a creación dun carril para bicicletas e outros vehículos de mobilidade persoal e en Lugo na solicitude de reunións para tratar co goberno local a mellora nas comunicacións entre o centro da cidade e os espazos universitarios nun momento no que a Facultade de Formación do Profesorado se vai trasladar tamén ao campus Lugo.
- Relacionado co anterior, a recuperación dun préstamo de bicicletas e outros vehículos de mobilidade persoal mellorado, en colaboración cos gobernos locais

de Santiago de Compostela e Lugo, onde o mantemento, reparación e a mellora do servizo estean garantidos.

Ademais dos puntos anteriores, o *Plan de proxección social da USC* estará coordinado coas actuacións dos Espazos USC previstas na *Liña instrumental 4* do presente documento coas seguintes propostas:

e. Poñer en valor o patrimonio

A universidade conta cun extenso patrimonio que poñer en valor. Con este fin, e como primeiro paso, procederase á elaboración dun catálogo de Espazos USC para identificar e reformar instalacións da universidade idóneas para dinamizar a vida social da nosa comunidade. Estes espazos abranguen facultades e centros, cafeterías, claustros, terrazas e patios de residencias, entre outros.

Neste exercicio prevese que se inicien os traballos de adecuación da cafetería e a terraza da Residencia do Monte da Condesa, a cafetería e o claustro da Facultade de Xeografía e Historia para que poidan formar parte desta oferta da USC onde a cultura sexa un eixo central da súa actividade.

f. Proxectar a USC como espacio de creación e difusión

É necesario deseñar unha estratexia para que os Espazos USC se convertan en espazos de creación e difusión cultural para os membros da comunidade universitaria en colaboración con artistas, colectivos e entidades do ámbito cultural.

b) Persoal docente e investigador

Canto ás actuacións en materia de profesorado, as Liñas prevén unha dotación de 950.000 euros para abordar a cuarta e última anualidade do Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022. En consonancia co previsto no dito Plan, as actuacións proxectadas aspiran a consolidar as políticas de incorporación, estabilización e promoción desenvolvidas en exercicios anteriores e, ademais, implementar novas medidas tendentes a mellorar as condicións do profesorado con contratos temporais.

Polo que se refire á incorporación de novo profesorado, o elevado número de xubilacións previstas para o 2022 e para os vindeiros anos fai necesario manter a política de creación de prazas de profesorado axudante doutor que permitan manter a capacidade docente das áreas, garantir a atención ás necesidades derivadas da implantación de novas titulacións e avanzar no reequilibrio entre áreas de coñecemento mediante a corrección progresiva dos déficits estruturais. Por outra banda, co fin de atender as necesidades de incorporación de profesorado en áreas clínicas prevese a dotación das prazas de profesorado permanente con vinculación asistencial recollidas no convenio subscrito para este fin co Servizo Galego de Saúde.

Canto á estabilización do profesorado con contratos temporais e do persoal captado a través de convocatorias de recursos humanos, a práctica eliminación en 2021 da bolsa de profesorado contratado doutor acreditado a titular permitirá que xa no exercicio de 2022 o profesorado axudante doutor e o persoal investigador RyC poida optar á súa estabilización na figura de titular de universidade, e non só na de contratado doutor, como viña sendo norma ata o de agora. Polo demais, continuarase avanzando na redución do tempo de permanencia dos axudantes doutores nesta categoría, e así, no exercicio de 2022, posibilitarase a estabilización do profesorado que remata o seu contrato antes de decembro de 2023.

Finalmente, canto á política de promoción de profesorado acreditado para corpos docentes, cómpre sinalar que, unha vez eliminada a bolsa de contratados doutores acreditados a titular, as actuacións previstas estarán orientadas a axilizar os procesos de promoción deste colectivo e a reducir ao mínimo a bolsa de titulares acreditados para o corpo de catedrático/a de universidade.

c) Persoal de administración e servizos

No ámbito do PAS, ademais de manter o ritmo de convocatoria dos procesos selectivos que permitan a renovación xeracional e a estabilización de persoal, ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, continuará a reforma e reorganización das estruturas co obxecto de acompañar os cambios na xestión cunha estrutura de persoal que responda ás novas necesidades e teña en conta a obriga permanente de revisar postos de traballo. Tamén con ese obxectivo, na OPE 2022, continuaránse desenvolvendo e ampliando os dereitos

de promoción do persoal mediante a inclusión dunha oferta de promoción interna independente, continuando así a dar cumprimento aos compromisos do Plan de PAS, así como o desenvolvemento de concursos permanentes de trasladados para o PAS funcionario áxiles e frecuentes. Igualmente, e na liña de favorecer a renovación xeracional, adecuaranse os incentivos a xubilación anticipada, previstos no convenio colectivo de 2008, a normativa actual da seguridade social e ao incremento da idade de xubilación.

Completarase a reforma da área económica no seu conxunto, para mellorar o funcionamento económico da institución, simplificando os procedementos e dotándoos de maior rigor e control.

Así mesmo, avanzarase na reforma da xestión académica, co obxecto de descentralizar a xestión e achegar os trámites administrativos ao alumnado, imprimindo eficacia e eficiencia nos procedementos. Para isto, deberanse analizar convenientemente os procedementos, a carga de traballo e o persoal existente nas diferentes unidades organizativas implicadas. Ademais, ao igual que no punto anterior, tamén se cambiará a ferramenta informática para o que a USC solicitará a adhesión á Agrupación de Interese Económico Sigma na que están integradas 30 universidades, que ten como finalidade prover de ferramentas informáticas no ámbito da xestión universitaria.

As propostas de reforma e reorganización da prestación de servizos, ademais de estar baseadas en información pertinente, deben ter en conta a cualificación e promoción do persoal, para que a súa implantación sexa efectiva e eficiente.

Para poder profundar neses aspectos, reestruturarase a Xerencia, creando unha ÁREA de Planificación e Reforma, encargada do deseño da estratexia de reorganización administrativa que contemplará a xestión do coñecemento e a formación do persoal, así como o deseño dos mecanismos de avaliación do rendemento que permitan a implantación da carreira profesional, empregando para a toma de decisións a información proporcionada pola Oficina de Datos e Proxectos. Tendo en conta que o deseño dos mecanismos de avaliación ainda non están listos, e que xa os orzamentos de 2021 prevían para ese ano a negociación da posta en marcha da carreira profesional horizontal do PAS, en canto se aproben os orzamentos de 2022 negociarase o réxime

extraordinario para o acceso ao grao I da carreira profesional que se implantará con carácter efectivo o 1/01/2023.

Unha vez concluído o deseño dos mecanismos de avaliación do rendemento, negociaranse e aprobaranse as bases do sistema ordinario para o acceso aos distintos graos de carreira profesional do PAS.

Estas actuacións contemplan unha partida de mellora de 750.000 euros en liña coas de anos anteriores.

d) Persoal investigador e de apoio á investigación

Con respecto ao persoal investigador e de apoio á investigación, a normalización da situación deste colectivo continúa nos obxectivos da institución. A incidencia que tivo a reforma laboral aprobada polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, a Lei 20/2021, do 29 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o Real decreto lei 8/2022, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da contratación laboral do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, son os principais retos que abordará a Universidade durante este exercicio e que, pola súa importancia, figuran nunha liña específica que se describe a continuación.

2. A investigación

Ao igual que se comentaba na liña anterior, é preciso mellorar a información da que dispoñemos no ámbito da investigación para tomar mellores decisións e poder planificar con maior rigor e transparencia. Por maior abastanza, no exercicio 2020 asumiuse o compromiso de elaborar un Plan de investigación da USC. As circunstancias ás que se ten feito referencia ao longo deste informe, dificultaron a súa elaboración. Non obstante, trátase dun compromiso asumido que debe facerse efectivo polas razóns expostas neste exercicio.

Do mesmo xeito, a estratexia de investimentos en infraestruturas científicas debe seguir os mesmos criterios que os investimentos realizados noutras infraestruturas. Cómprate pois analizar, coa información pertinente, a que necesidades debemos dar satisfacción

e, en función diso, planificar os investimentos. Isto debe concretarse na realización dunha auditoría sobre o uso destas infraestruturas e nun plan de investimentos a medio prazo.

Todo isto non obsta para que neste exercicio, de acordo, cos compromisos adquiridos coa Xunta de Galicia, se proceda á adquisición dalgunhas infraestruturas necesarias para o funcionamento de centros de referencia para a universidade.

As reformas normativas en relación co persoal temporal do ámbito da investigación marcan igualmente a axenda deste exercicio 2022, ao igual que a necesidade de seguir avanzando no proceso de conformación de estruturas de investigación más sólidas e eficientes, así como na definición de ámbitos ou especialidades profesionais do persoal de apoio.

Tendo en conta o anterior, os eixos da política de investigación para o ano 2022 serán os seguintes:

a) Adecuación dos instrumentos normativos para dar resposta á reforma laboral. O camiño iniciado en 2020 coa aprobación do Acordo de clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela consolidarase neste exercicio ao abeiro da nova normativa de aplicación. A Universidade de Santiago de Compostela iniciou un camiño, pioneiro a nivel estatal, para establecer unha carreira investigadora empregando as modalidades contractuais prevista na Lei 14/2011, de ciencia, tecnoloxía e innovación.

A reforma laboral e as medidas para a redución da temporalidade no emprego público impulsarán ademais a ordenación do resto do persoal previsto no Acordo mencionado, procurando a eficiencia e a optimización de recursos e, ao mesmo tempo, a estabilidade laboral deste persoal.

As actuacións concretas, dotadas con 700.000 euros, descríbense a continuación:

- Creación de programas estruturais, agrupados e específicos que permitan a contratación indefinida de persoal de conformidade co Acordo e coa Real decreto lei 8/2022 do 5 de abril. Estes programas contribuirán á optimización dos recursos

permitindo que o persoal preste servizos a varios grupos, e que servirá de base para a construcción de futuro de novas estruturas de investigación, que permita dar continuidade á política de fortalecemento de estruturas de investigación iniciada en 2020.

- Estabilización do persoal que presta servizos na USC con carácter ininterrompido desde antes do 1 de xaneiro de 2016, creando unha relación provisoria de postos de traballo e aprobando a corresponde oferta de emprego público, de conformidade co disposto na Lei 20/2021 do 28 de decembro.

b) Programa de xestión de ingresos por custos indirectos. Este programa, iniciado en 2021, consolidarase neste ano programando a ampliación da devolución a outras estruturas, permitindo tamén que os programas estruturais e agrupados contén con máis recursos para a estabilización do persoal mencionado nos puntos anteriores. Esta actuación ten unha dotación de 400.000 euros.

c) Estratexia de consolidación da carreira investigadora coa convocatoria de contratos de iniciación á investigación e predoutorais no marco da colaboración co Banco Santander e do Campus de especialización Campus Terra, dotados con 1,1 millóns de euros. Esta actuación completarase coa captación de novos investigadores nas convocatorias nacionais, nomeadamente Ramón y Cajal e Beatriz Galindo.

Así mesmo, destinaranse parte destes fondos a recuperar a convocatoria da USC de “axudas para viaxes de investigación” debidamente actualizada, prestando especial atención nos grupos de investigación onde existan dificultades para financiar este tipo de desprazamentos. Con este fin habilitarase unha partida de 25.000.

d) Actualización e mellora das infraestruturas xerais de investigación. Nesta liña contémplanse investimentos de 5 millóns na adquisición de equipamentos e infraestruturas científicas na Área de Infraestruturas de Investigación e en investimentos en infraestruturas de investigación, entre as que destaca a rehabilitación dos Chalets dos Catedráticos que albergará centros de investigación das áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, así como o proxecto de reforma dos espazos do pavillón 4, na Facultade de Veterinaria, que se destinarán á investigación.

Por último, cómpre destacar o resto de actuacións previstas no ano 2022 dentro da axuda para o Campus de especialización Terra, en Lugo. Ademais de potenciar da carreira investigadora en Lugo, coa contratación de predoutorais e posdoutorais, levaranse a cabo actuacións para favorecer a empregabilidade do alumnado, reforzar a marca Campus Terra, fomentar a colaboración entre grupos e redes e procurar a participación en proxectos internacionais. Impulsaranse tamén as infraestruturas de investigación para aumentar as interaccións co tecido produtivo, a transferencia e a innovación. En total, no ano 2022, hai 900.000 euros para estas actuacións.

3. A mellora da calidade da docencia

Unha das liñas prioritarias de actuación da USC é a da mellora progresiva da súa oferta académica, de xeito que as titulacións ofertadas dean resposta ás demandas, necesidades e retos da sociedade actual e permitan así continuar avanzando cara a excelencia dos seus campus. No contexto do eixe 4 da Programación Plurianual 2019-2022, Situar o coñecemento da USC na vanguarda, propónense as seguintes accións, cunha dotación de 170.000 €.

a) Accións de mellora das titulacións oficiais de mestrado

Neste ámbito contémplanse diversas actuacións que permitan potenciar a calidade dos mestrados que imparte a USC e incrementar o seu atractivo para o estudantado nacional e internacional, así como a súa capacidade de retención do talento. Entre as accións previstas atópanse as seguintes: (i) accións encamiñadas a mellorar as taxas de ocupación dos mestrados e a porcentaxe de alumnado estranxeiro (fóra do que se incorpora a través de programas de mobilidade); (ii) accións destinadas a incrementar e mellorar a relación con entidades públicas e privadas que colaboren cos mestrados, mediante o establecemento de convenios de diversa índole; (iii) accións dedicadas á posta en marcha de programas de titorización e mentorización individual do estudantado de mestrado, así como de seguimento das persoas egresadas no mercado laboral; (iv) accións de potenciación das competencias para a empregabilidade, adiantándose así ás necesidades que a sociedade demanda dos futuros profesionais nos seus respectivos ámbitos de coñecemento.

b) Accións de mellora das competencias transversais nos estudos de doutoramento

No contexto da estratexia de transformación tecnolóxica e dixital integral emprendida pola USC nos últimos anos, identifícaronse diversas actuacións consideradas como prioritarias no eido académico e de xestión dos estudos de doutoramento. Entre elas atópase o progresivo desenvolvemento das actividades formativas dos estudos de doutoramento, tanto de carácter transversal (entre outras, as relacionadas coa adquisición e mellora de competencias lingüísticas noutras linguas, competencias en xestión e manexo da información, ética na investigación etc.) como de carácter específico de cada programa de doutoramento e a súa adaptación para unha impartición telemática, a fin de facilitar a participación dun maior número de doutorandos/as. O desenvolvemento destas accións permitirá ofrecer ao estudantado de doutoramento unha formación complementaria a súa actividade investigadora, que contribúa a fortalecer as súas competencias e habilidades, incrementar a oferta formativa que realiza a universidade neste ámbito e flexibilizar a súa impartición, así como facilitar e mellorar o seguimento da súa aprendizaxe.

c) Accións de innovación educativa

Entre as liñas de actuación da mellora da calidade docente da USC atópase o fomento do emprego de enfoques e metodoloxías innovadoras, en particular aquellas que implican unha vinculación directa e efectiva coa sociedade e atende as súas necesidades. Entre as accións contempladas neste ámbito na procura da excelencia na docencia figuran, entre outras, accións relativas a proxectos de innovación educativa sustentados no uso das tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento, como a formación masiva online (MOOC) ou o uso de ferramentas TIC na docencia coa finalidade de favorecer o desenvolvemento das titulacións ofertadas en modalidade híbrida e en liña, apoiar as actividades docentes de carácter presencial e contribuír á difusión do coñecemento.

d) Accións de mellora da avaliación docente nas titulacións de grao e mestrado

A mellora da calidade docente da USC require dunha revisión a fondo dos procedementos existentes de avaliación da docencia recibida/impartida. Neste contexto levarase a cabo unha análise global da situación actual (enquisas de avaliación da docencia recibida/impartida, programa Docentia etc.), que permita establecer accións de mellora e deseñar, contando coa participación dos distintos grupos de interese, un

plan integral da avaliación da calidade da actividade docente na USC, que se implementará de xeito gradual nos cursos seguintes.

LIÑAS INSTRUMENTAIS

4. Os medios necesarios

Canto aos medios necesarios, continuarase coa estratexia de mantemento de renovación de infraestruturas de xeito planificado, executando os pasos previstos no Plan de Infraestruturas.

O mantemento adecuado e a renovación das infraestruturas son unha das preocupacións da institución, sendo un dos obxectivos principais destes orzamentos mellorar os procedementos de planificación. Xunto con este obxectivo está a procura dunha maior eficiencia no gasto, especialmente nas subministracións e no gasto corrente da Universidade.

As actuacións que se formulan para este exercicio están encadradas dentro da Programación Plurianual 2019-2022, no eixe 6 “Xestionar os recursos de forma intelixente” que se instrumentou coa aprobación do Plan de Infraestruturas aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social nas sesións de 20 e 27 de decembro de 2019 respectivamente.

Máis polo miúdo, as actuacións previstas son as seguintes:

a) Proxecto de Cidade da Saúde

O Plan de Infraestruturas incorporado á Programación Plurianual 2019-2022 contemplaba orixinalmente nas actuacións 4.1, 4.3 e 4.4 diferentes accións para construír un centro para a Facultade de Farmacia, a rehabilitación do edificio de Medicina situado en San Francisco e o traslado da Facultade de Enfermaría. Estas tres accións forman parte do novo proxecto da Cidade da Saúde, presentado en 2020 e que contén a planificación das actuacións que se describen a continuación.

Neste exercicio rematará a selección da proposta gañadora para a redacción do proxecto do novo centro de Ciencias da Saúde, e levarase a cabo a redacción do proxecto básico e de execución da reforma integral do edificio de San Francisco.

Así mesmo, executarase a reforma do primeiro andar da área clínica e de prácticas de grao do edificio de Odontoloxía, cunha dotación total de 500.000 euros.

b) Espazo USC

O Espazo USC pretende ser, ademais dun conxunto de espazos físicos, unha marca da institución que se visibilizará a través de varios elementos.

En primeiro lugar, a integración dos espazos das unidades de xestión de centro e departamentos, prevista na actuación 4.12 do Plan de Infraestruturas, coa filosofía de espazo aberto a disposición da comunidade universitaria e que poña en valor a xestión que se realiza nos centros. Neste exercicio, unha vez redactados os proxectos e licitadas as obras, realizaranse as reformas nas facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía e Dereito.

En segundo lugar, preténdese aproveitar a rede de cafetarías e comedores universitarios para a revalorización da imaxe da institución e permitir o seu aproveitamento como espazo cultural. No ano 2022 realizarase a reforma da cafetería da Facultade de Xeografía e Historia, que se inclúa nos recursos que proverá a súa licitación, e o claustro da facultade para fomentar o seu uso. Para isto último, destinaranse 50.000 €, cofinanciados coa Facultade.

Así. mesmo, acondicionarase o Auditorio Universitario situado no Campus Sur para o seu aproveitamento como espazo cultural.

En canto aos espazos comúns ou de servizos centrais que están dirixidos á atención do alumnado, levarase a cabo unha consolidación da administración e servizos do Campus de Lugo no Edificio Intercentros. Así mesmo, redactarse o proxecto para a reforma do interior do Pavillón Estudantil. En ambos os dous casos, o obxectivo é que a reforma sirva para identificar e dispoñer no mesmo espazo físico a atención directa, que sirva de filtro para dirixir ao alumnado que o precise á atención especializada. Esta actuación está contemplada na liña 4.13 do Plan de Infraestruturas.

Estas actuacións contarán unha dotación de 1 millón de euros.

c) Plan de mellora da calidade de vida nos Campus.

Continuarase co coidado integral do aspecto dos Campus, accións previstas nas actuacións 4.15 e 4.16 do Plan de Infraestruturas. En concreto, continuará a renovación e mellora de pavimentos, mobiliario e aspecto xeral dos campus creando uns campus seguros, previa consulta ao alumnado e aos seus representantes, e executarase a recuperación da Valgada de Lugo, despois da resolución do concurso de ideas.

Polo que respecta á actuación 4.8 prevista no Plan de Infraestruturas, Renovación das instalacións e acondicionamento das residencias universitarias, habilitaranse os espazos de uso deportivo existentes na Residencia Universitaria Bal e Gay en Lugo. Pola súa banda, no Colexio Maior San Clemente están licitados os traballos previos para a mellora da envolvente e, unha vez que rematen, licitarase a reforma interior.

Así mesmo, están previstas obras de conservación da piscina universitaria, espazo común á comunidade universitaria.

O equipo de goberno da USC, en cooperación cos centros, a comunidade universitaria e outros axentes implicados (administracións, asociacións, etc.), promoverán a creación dunha comisión de traballo co fin de deseñar un programa de actuacións co fin de mellorar a calidade de vida dos Campus na liña do previsto nestes orzamentos.

Esta actuación está dotada en total con 830.000 €

Ademais, a Reitoría da USC e tódolos órganos e persoas implicadas reclamaranlle ao Concello de Santiago a execución das obras necesarias nas estradas de titularidade municipal, tal e como estipula a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local no seu artigo 25, apartado 2, letra d, onde dispón que é competencia municipal a “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.

Co obxectivo de mellorar a calidade de vida nos campus de toda a comunidade universitaria, ampliarase o control das concesionarias de servizos da USC, especialmente das cafeterías, garantindo o cumprimento da normativa, os pregos de concesións e das propostas en base ás que se obtiveron ditas concesións.

d) Plan director de enerxía e sustentabilidade

Dentro das actuacións previstas na Programación Plurianual 2019-2022, no eixe 6, e tamén nas actuacións 4.10 e 4.11 do Plan de Infraestruturas, continuara co plan director de enerxía e sustentabilidade. En concreto, neste exercicio redactarase o proxecto para a central de biomasa e rede de distribución de calor central do Campus Sur, o que terá un custo de 12.000 €.

e) Renovación da imaxe e reforzo da comunicación da USC

Nesta liña, continuarase co proceso de renovación da web pública e de extensión da intranet ás unidades de administración e servizos. Así mesmo, renovarase a sinalética exterior e iniciarase a definición dos elementos e imaxe para renovar a sinalética interior e fomentarase a unificación en toda a comunicación e bases de datos dos edificios da Universidade. A dotación prevista para estas actuacións é de 100.000 €.

Promoverase o uso de novas formas de transmisión de información, más encapsuladas e discretas, na procura da mellora da comunicación co alumnado, e o maior uso das vías de comunicación más contemporáneas, más aló do correo institucional e a web pública, como son as redes sociais da universidade. A comunidade universitaria en xeral, e o alumnado en particular, será integrado neste proceso de mellora da comunicación coma protagonistas, tentando acadar un sistema comunicativo por e para a comunidade universitaria.

f) Descentralización de recursos aos centros e departamentos

Esta estratexia, iniciada en 2019, consolidase plenamente neste exercicio, aumentando en 200.000 euros máis o crédito descentralizado ás facultades e 50.000 euros aos departamentos, que se repartirá tendo en conta a planificación realizada polos centros e departamentos en coordinación coa Xerencia.

En todo caso, arbitraránse fórmulas que dean prioridade á execución daquelas actuacións propostas nas avaliaciós de riscos dos centros para eliminar ou corrixir situacións de risco que impliquen incumprimentos legais, tanto os relativos á normativa específica de prevención de riscos laborais como ás normas e regulamentos técnicos.

Cabe destacar aquí a colaboración cos centros para o impulso na renovación e mellora das infraestruturas. En 2022 iniciáronse actuacións para a renovación de fachadas nas Facultades de Ciencias da Comunicación e Dereito e están previstas actuacións menores nas Facultades de Matemáticas, Veterinaria, Psicoloxía, Química, Farmacia e melloras por unha contía total de 1,6 millóns.

g) Medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional

O impacto que a crise sanitaria global, derivada da COVID-19, tivo nos últimos dous anos sobre a mobilidade de estudiantes, PDI e PAS e sobre a atracción de estudiantado estranxeiro cara a USC fan necesaria a posta en marcha dun novo plan de internacionalización acorde coa vocación da nosa institución como unha universidade aberta ao mundo e que contribúa ao fortalecemento da imaxe e visibilidade da USC no exterior. No contexto do eixe 5 da Programación Plurianual 2019-2022, Proxectar a USC polo mundo, propónense un conxunto de actuacións orientadas a sentar as bases para a formulación do devandito plan de internacionalización, para cuxo deseño e desenvolvemento resultará imprescindible a colaboración de todos os sectores da comunidade universitaria.

As medidas propostas neste ámbito, dotadas con 150.000 euros, céñtranse en tres árees fundamentais:

1. Posicionamento, atracción e proxección internacional

No ano 2021 a USC deu un salto cualitativo nos procedementos e estratexias destinados a dar a coñecer a USC no exterior coa a incorporación de ferramentas novedosas de apoio á captación e á proxección internacional. Se ben estas ferramentas posúen un enorme potencial, os beneficios da súa implementación non son perceptibles a curto prazo. Cómpre, por tanto, continuar coas licenzas para o uso do software específico e das plataformas para a xestión do posicionamento das titulacións de grao, máster e doutoramento da USC. O obxectivo último é obter a medio prazo métricas útiles que faciliten a toma informada de decisións institucionais no ámbito da captación internacional e a posta en marcha de campañas de marketing personalizadas por medio de solucións de segmentación xeográfica (Geographic Targeting). Esta actuación irá acompañada doutras accións complementarias de posicionamento, atracción e

proxección internacional, como a celebración de encontros virtuais e webinars, a elaboración de material audiovisual promocional da USC ou a participación en feiras internacionais, tanto presenciais como en formato online, entre outros.

2. Mellora da xestión dos procesos de mobilidade e de captación

Un dos aspectos que requirirán unha atención especial no novo plan de internacionalización é a mellora do conxunto dos procesos relacionados coa mobilidade, a captación e a admisión de estudiantado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos que acceda á USC a través de distintos programas de mobilidade e recrutamento. Os importantes cambios producidos nos últimos anos no ámbito da xestión da mobilidade, da cooperación e da captación internacional fan necesaria unha revisión profunda dos procedementos, claramente obsoletos, utilizados na nosa institución nestes eidos e unha rápida adaptación a solucións de software multifuncional, que permitan unha maior flexibilidade, eficiencia e dixitalización dos procesos. A incorporación na nosa universidade deste tipo de ferramentas permitirá que a USC se sitúe ao nivel das institucións de ensino superior da nosa contorna.

3. Cooperación internacional

A situación derivada da invasión de Ucraína por parte de Rusia o pasado mes de febreiro e a previsible continuidade do conflito esixe unha resposta decidida por parte da comunidade universitaria. Neste contexto, propónense unha serie de medidas específicas de apoio a estudiantado e persoal docente e investigador pertencentes ás universidades ucraínas, tales como: acollemento en residencias universitarias, asesoramiento legal, psicolóxico e/ou sanitario, formación lingüística, orientación académica para a continuación de estudos superiores, posta en marcha de programas de acompañamento e/ou mentorización, ampliación do período de estadías e das correspondentes bolsas de estudios, entre outras accións.

Aínda que Ucraína está no foco directo destas accións, as medidas propostas inclúen así mesmo accións dirixidas a estudiantado e persoal docente e investigador procedentes doutras zonas en conflito, en liña coas políticas desenvolvidas nos últimos anos pola USC a través de programas de cooperación universitaria.

h) Bibliotecas ao día

As bibliotecas da USC conforman un dos cernes más importantes da docencia e investigación da nosa Universidade, sendo, ademais, un dos polos que permiten á USC gozar dun importante prestixio. Con todo, faise preciso apostar pola modernización de numerosas instalacións nas facultades e por aumentar notablemente os recursos.

En primeiro lugar, a USC apostará de xeito decidido pola actualización dos espazos, a adquisición de mobiliario novo e a realización de tódalas obras necesarias para a adaptación ao disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2012, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

En segundo lugar, fomentarase a adquisición de libros mediante unha ampliación das partidas e co fin tamén de fomentar o coñecemento actualizado, destinaranse máis fondos para a adquisición de revistas en papel.

Así mesmo, estudarase e reformarase o sistema de distribución do gasto por áreas, atendendo a idiosincrasia de cada unha delas.

4. A transformación dixital

O impulso que se lle dará a dixitalización no 2022 irá principalmente dirixido á consecución das metas fixadas ao abeiro do programa “UNIDIGITAL” financiado polo Ministerio de Universidades e no que a USC xestionará un total de 1,4 millóns de euros. Os programas específicos que se abordarán na USC están relacionados co equipamento e a formación. Formúlase a dotación dos medios informáticos e multimedia que complemente o realizado nos pasados anos. Será imprescindíbel a remuda de todo os ordenadores que queden con máis de 10 anos e moi recomendábel dos que teñen entre 7-10 anos. Este “plan renove” implicará a reciclaxe, a recuperación de componentes e a xestión dos residuos de xeito centralizado. Outra das metas será a mellora do desempeño dixital de toda a organización, coa definición de cursos de formación para estudiantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e

investigador. Tamén se contempla unha liña de axudas ao desenvolvemento de contidos docentes e a incorporación de aulas polimedia.

Na xestión académica cómpre iniciar os pasos para dotarse dun novo programa que substitúa a XESCAMPUS, cuxa arquitectura (o seu deseño ten xa máis de 20 anos) limita as funcionalidades e necesidades que a nova contorna académica necesita. Neste senso evolucionarase a un sistema cooperativo con outras universidades que nos permita aforrar costes e mellorar na interoperabilidade. Nos desenvolvementos que afectan aos diferentes servizos (investigación, contabilidade, biblioteca, profesorado...) afondarase na automatización dos sistemas.

Nesta liña tamén se contempla os avances necesarios que cómpre facer en ciberseguridade. Os principais eixes de actuación son:

- (i) a actualización e dotación de cortafogos adicionais (os denominados “firewall”) que preveñan e protexan a nosa rede de intrusións ou ataques doutras redes, bloqueando o acceso;
- (ii) creación dun SOC (siglas en inglés dun Centro de Operacións de Seguridade) coordinado coas outras dúas universidades galegos. Un SOC ten como misión principal atopar e responder ás ameazas e incidentes de ciberseguridade co uso de procesos definidos e solucións tecnolóxicas estandarizadas. A cooperación permitirá atinxir unha cobertura de 24/7 (24 horas ao día e 7 días á semana).

Na liña de mellora da accesibilidade á información e da transparencia, introduciranse utilidades no Taboleiro Electrónico para facilitar a localización das normas e actos administrativos publicados e, en conexión con el, porase en funcionamento un Boletín informativo en soporte dixital como mecanismo complementario de difusión á comunidade universitaria dos acordos e actos administrativos de interese xeral que se aproben polo órganos de goberno da Universidade.

Por outra banda, e vinculado á mellora da eficiencia na xestión documental, daranse os primeiros pasos para a posta en funcionamento dun sistema de arquivo dixital e implementarase un mecanismo electrónico para a tramitación, custodia e rexistro dos convenios que subscribe a Universidade.

Nesta liña, de carácter instrumental e, polo tanto, transversal, insírese o Plan director de dixitalización, que se desenvolverá a través do proxecto de “Minaría de datos e analítica de procesos na USC mediante intelixencia artificial e aprendizaxe automática (USC-IA)”.

O proxecto consiste en crear unha aplicación para a minaría de datos e analítica de procesos de xestión na USC, que permita a análise intelixente dos datos e a obtención de información que dea soporte a decisións de xestión, en ámbitos coma a contabilidade analítica, facturación ou a xestión de persoal de investigación. No proxecto definiranse os requisitos e alcance da información a obter, o que á súa vez condicionará as necesidades de integración de fontes de datos e distintos sistemas de información (na que participará a ÁREA TIC da USC). Sobre esa base desenvolveranse, por unha banda, modelos preditivos e descriptivos baseados en intelixencia artificial e aprendizaxe automática. Por outra, usaranse técnicas de minaría de procesos para a obtención de modelos baseados en datos que permitan detectar ineficiencias e posibilidades de mellora en procesos administrativos (coma por exemplo a sede electrónica).

Por último, este 2022 tamén está programado facer os pasos necesarios para que a partir de xaneiro de 2023 a USC asuma o control completo da xestión da tarxeta TUI.

6. A colaboración institucional

A colaboración institucional mantense como liña transversal necesaria para o establecemento de sinerxías entre administracións e o aproveitamento de recursos. Sería deseable o desenvolvemento de políticas no ámbito deportivo e cultural que vaian máis alá do desenvolvemento de actividades propias para dar cabida a colaboracións co tecido social que nos rodea, e ese será o obxectivo da institución.

Perante a necesidade de dar cumprimento aos compromisos adquiridos polo Real Patronato da Cidade de Santiago en relación cos edificios do casco histórico, elaborarase un protocolo coa Consellería de Educación, Cultura e Universidades e co Consorcio da Cidade de Santiago para continuar co mantemento de infraestruturas históricas, en particular, nas facultades de Medicina e Xeografía e Historia, na espera de poder contar con fondos *Next Generation* para a súa execución.

Polo que respecta a outras institucións, neste exercicio executarase o convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades para a realización de obras no Pavillón da Facultade de Profesorado co obxecto de dispoñer de espazos adecuados para as aulas de educación corporal e plástica, licitado por 500.000 €

Así mesmo, está en trámites de sinatura un convenio para realizar a conexión á rede de calor baseada en biomasa da Facultade de Formación do Profesorado.

A posta en marcha do Grao en Intelixencia Artificial conta tamén con recursos procedentes da colaboración institucional coa Consellería de Cultura, Educación e Universidades, que se empregarán na adecuación de espazos no edificio Emprendia. En 2022 acondicionaranse 2 andares do módulo leste e 2 do módulo central, por valor de 250.000 €, para aulas de expositiva e interactiva. Estas obras terán continuidade para o ano 2023.

Por último, cómpre destacar a consolidación e mantemento de diversos convenios de colaboración institucional que permiten o desenvolvemento de accións estratéxicas previstas nestas liñas, como son o convenio coa Xunta de Galicia para accións de I+D+i, os diversos convenios subscritos coas Deputacións provinciais de A Coruña e Lugo, e os convenios subscritos cos concellos de Lugo e Santiago para o desenvolvemento de accións culturais e deportivas. Así mesmo, destaca tamén pola súa contía económica, o convenio de patrocinio e mecenado subscrito co Banco Santander.

VINCULACIÓN COS EIXES ESTRATÉXICOS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2019-2022

As liñas presentadas para o 2022 e que se traducirán nuns orzamentos elaborados con rigor e responsabilidade están vinculadas a unha base estratéxica de carácter plurianual recollida na Programación para o período 2019-2022.

Esta visión a medio prazo serve para avaliar o grao de consecución das diferentes políticas e orientar os esforzos a aquelas actuacións que aseguren mellora das funcións propias da universidade, dos recursos dos que dispón e da sustentabilidade económico-financeira da Universidade.

A continuación amósase a relación das liñas descritas no apartado V cos eixes da Programación Plurianual 2019-2022:

Eixes da Programación Plurianual	Liñas estratéxicas	Liñas instrumentais
1. Centrar a atención no estudiantado 2. Comprometerse co persoal	1. As persoas	
3. Poñerse ao servizo da sociedade 4. Situar o coñecemento da USC na vanguarda	2. A investigación 3. A mellora da calidad da docencia	4. Os medios necesarios 5. A transformación dixital 6. A colaboración institucional
5. Proxectar a USC polo mundo 6. Xestionar os recursos de forma intelixente 7. Aprender da experiencia da COVID-19 para conseguir unha universidade máis segura e flexible		

RESUMO XERAL DOS ORZAMENTOS

Na seguinte táboa preséntanse os estados numéricos dos orzamentos 2022 de acordo coa clasificación económica por capítulos¹:

INGRESOS

CAPÍTULO		NON AFECTADO	AFFECTADO	TOTAL
3	Prezos públicos e outros ingresos	24.937.500	9.861.000	34.798.500
4	Transferencias correntes	145.812.260	4.812.500	150.624.760
5	Ingresos patrimoniais	620.000		620.000
6	Alleamento investimentos reais			
7	Transferencias de capital	32.899.295	56.019.520	88.918.815
TOTAL NON FINANCIERO		204.269.055	70.693.020	274.962.075
8	Activos financeiros			
9	Pasivos financeiros			
TOTAL FINANCIERO				
TOTAL		204.269.055	70.693.020	274.962.075

GASTOS

CAPÍTULO		NON AFECTADO	AFFECTADO	TOTAL
1	Gastos de persoal	163.025.000		163.025.000
2	Gastos correntes	25.542.270	2.155.000	27.697.270
3	Gastos financeiros	625.000		625.000,00
4	Transferencias correntes	2.199.625	1.800.000	3.999.625
5	Fondo continxencia	750.000		750.000
6	Investimentos reais	9.502.160	66.738.020	76.240.180
7	Transferencias de capital			
TOTAL NON FINANCIERO		201.644.055	70.693.020	272.337.075
8	Activos financeiros			
9	Pasivos financeiros	2.625.000		2.625.000
TOTAL FINANCIERO		2.625.000	0	2.625.000
TOTAL		204.269.055	70.693.020	274.962.075

As previsións contidas no orzamento, co obxecto de que se axusten á realidade da xestión orzamentaria, extráense tendo en conta a evolución da execución de anos anteriores. Esta mellora apréciase na comparación entre orzamentos iniciais e execución que se pode consultar na ilustración seguinte:

¹ Debe terse en conta que as cifras do orzamento varían con respecto ás presentadas na Liñas xerais aprobadas polo Claustro do 6 de maio de 2022 debido, fundamentalmente, á actualización da información de convocatorias públicas de investigación estatais, autonómicas e europeas.

Evolución de orzamentos iniciais e execución no período 2017-2021

ORZAMENTO E EXECUCIÓN DE INGRESOS											
CAPÍTULO	Orzamento	Execución									
	2017	2017	2018	2018	2019	2019	2020	2020	2021	2021	
Prezos públicos e outros ingresos	34.926.820	38.556.564	34.967.870	38.203.709	35.090.000	37.130.604	35.765.000	32.183.859	34.496.500	33.325.592	
Transferencias correntes	136.475.185	140.674.582	134.663.401	140.123.526	139.143.140	145.128.159	142.552.774	151.137.243	144.830.260	145.247.030	
Ingresos patrimoniais	317.000	1.728.496	383.357	650.472	487.000	620.196	596.200	348.001	475.000	405.335	
CORRENTES	171.719.005	180.959.642	170.014.628	178.977.706	174.720.140	182.878.959	178.913.974	183.669.103	179.801.760	178.977.957	
Alleamento investimentos reais	-	6.116.269	-	-	1.079.340	1.079.342	2.850.000	-	2.850.000	-	
Transferencias de capital	48.623.918	54.771.542	56.649.959	60.824.958	63.026.200	65.994.435	66.970.515	62.546.671	77.080.540	91.770.622	
CAPITAL	48.623.918	60.887.810	56.649.959	60.824.958	64.105.540	67.073.776	69.820.515	62.546.671	79.930.540	91.770.622	
TOTAL NON FINANCIERO	220.342.923	241.847.452	226.664.587	239.802.664	238.825.680	249.952.736	248.734.489	246.215.774	259.732.300	270.748.579	
Activos financeiros	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Pasivos financeiros	4.767.730	879.482	5.900.000	8.534.962	5.847.000	5.018.421	5.530.000	309.903	2.730.000	2.062	
TOTAL FINANCIERO	4.767.730	879.482	5.900.000	8.534.962	5.847.000	5.018.421	5.530.000	309.903	2.730.000	2.062	
TOTAL	225.110.653	242.726.934	232.564.587	248.337.625	244.672.680	254.971.157	254.264.489	246.525.677	262.462.300	270.750.640	
ORZAMENTO E EXECUCIÓN DE GASTOS											
CAPÍTULO	Orzamento	Execución									
	2017	2017	2018	2018	2019	2019	2020	2020	2021	2021	
Gastos de persoal	144.322.240	144.223.437	144.813.865	147.199.022	151.246.700	149.460.231	157.535.450	152.796.847	157.971.000	156.721.908	
Gastos correntes	24.462.959	28.357.810	25.759.611	28.188.047	26.742.065	30.570.053	27.287.838	28.096.791	26.830.665	27.351.444	
Gastos financeiros	787.011	936.465	400.000	439.386	490.470	416.538	565.000	495.635	550.000	352.935	
Transferencias correntes	1.884.071	4.988.458	1.733.580	3.687.997	1.733.580	3.657.191	2.087.496	2.699.580	3.768.290	4.050.433	
CORRENTES	171.456.281	178.506.170	172.707.056	179.514.451	180.212.815	184.104.012	187.475.784	184.088.853	189.119.955	188.476.720	
Fondo continxencia	350.000	-	50.000	-	1.500.000	-	500.000	-	750.000	-	
Investimentos reais	47.950.648	48.786.178	55.211.425	62.650.603	60.122.220	63.702.074	62.348.705	60.278.432	69.492.345	79.410.586	
Transferencias de capital	-	212.628	-	-	-	-	-	-	-	-	
CAPITAL	47.950.648	48.998.807	55.211.425	62.650.603	60.122.220	63.702.074	62.348.705	60.278.432	69.492.345	79.410.586	
TOTAL NO FINANCIERO	219.756.929	227.504.977	227.968.481	242.165.054	241.835.035	247.806.086	250.324.489	244.367.285	259.362.300	267.887.306	
Activos financeiros	500.000	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Pasivos financeiros	4.650.090	16.277.283	4.596.106	4.394.894	2.837.645	2.827.745	3.940.000	4.003.939	3.100.000	3.164.254	
TOTAL FINANCIERO	5.150.090	16.277.283	4.596.106	4.394.894	2.837.645	2.827.745	3.940.000	4.003.939	3.100.000	3.164.254	
TOTAL	224.907.019	243.782.260	232.564.587	246.559.948	244.672.680	250.633.831	254.264.489	248.371.224	262.462.300	271.051.560	

* Datos provisionais de peche, pendentes de auditoría e aprobación.

Como se pode comprobar na táboa anterior, a excepción do ano 2020 onde a incidencia da COVID alterou a execución notablemente, a mellora da técnica orzamentaria iniciada en 2019 consistente en prever nos orzamentos iniciais de ingreso e gasto actuacións que se manteñen, de xeito máis ou menos constante, desde exercicios anteriores, está contribuíndo a un mellor axuste. Se no ano 2017 un 7,2% dos ingresos e un 7,7% dos gastos executados non contaban con previsión orzamentaria, no ano 2021, de acordo coas cifras provisionais de peche, estas porcentaxes descenden substancialmente, pasando a un 3% nos ingresos e 3,1% dos gastos. Significativo, por demais, é o axuste realizado no relativo aos gastos correntes, pasando dun desaxuste dun 14,3% (4.074.850 euros de gasto non orzamentado) a un de 1,9% (520.779 euros). Trátase de que os orzamentos, e estas liñas, reflectan unha previsión de gastos e ingresos o mais axustada á realidade, permitindo así a súa fiscalización por parte da comunidade universitaria, o que redunda nunha xestión mais transparente.

Tal e como se explicaba no orzamento do 2021, incluíuse a xestión dos fondos de axudas Erasmus, convenios con institucións estables no tempo e, tamén, prestacións de servizos que se viñan xestionando como xeracións de crédito con anterioridade. Isto permitiu que os orzamentos iniciais sexan unha previsión máis fiel á realidade, o que leva a unha mellor planificación e, como consecuencia, a unha execución más áxil.

Porén, o capítulo VI ten máis variabilidade ao depender do financiamento de convocatorias competitivas que non sempre son previsibles.

Cómpre facer unha breve análise sobre as principais diferenzas entre o orzamento de 2021 e o orzamento que se propón para o 2022, tendo en conta que nas mesmas non só se reflicte o incremento de ingresos derivados do novo PFGU, arredor de 10 millóns de euros, senón que o mesmo vese amortecido pola necesidade de axustar as previsións orzamentarias ao realmente executado.

Capítulo	2021	2022	% 2021-2022
3. Prezos públicos e outros ingresos	34.496.500	34.798.500	0,88%
4. Transferencias correntes	144.830.260	150.624.760	4,00%
5. Ingresos patrimoniais	475.000	620.000	30,53%
Ingresos correntes	179.801.760	186.043.260	3,47%
6. Alleamento de investimentos reais	2.850.000	-	-100,00%
7. Transferencias de Capital	77.080.540	88.918.815	15,36%
Ingresos capital	79.930.540	88.918.815	11,25%
Ingresos non financeiros	259.732.300	274.962.075	5,86%
8. Variación activos financeiros	-	-	-
9. Variación de pasivos financeiros	2.730.000	-	-100,00%
Ingresos financeiros	2.730.000	-	-100,00%
Totais	262.462.300	274.962.075	4,76%

Analizando cada capítulo pódese destacar o seguinte:

- Capítulo III: prevese unha lixeira recuperación dos ingresos por matrícula en estudos oficiais e así como nos derivados de actividades deportivas e de uso das residencias. Os ingresos da prestación de servizos de I+D manteríanse en contías análogas ao exercicio de 2021. Así, no global, o capítulo experimenta un incremento de medio punto porcentual, aproximadamente.
- Capítulo IV: neste capítulo consígnase fundamentalmente a transferencia corrente da Comunidade Autónoma, que aumenta con respecto ao ano anterior polo incremento de financiamento que supón o novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026.
- Capítulo V: o incremento previsto con respecto ao ano anterior deriva de que se estima unha recuperación dos ingresos habituais neste capítulo que se viron alterados nestes dous exercicios pola pandemia por coronavirus.
- Capítulo VI: a diminución do 100% débese a que non se prevé ningún alleamento neste exercicio.
- Capítulo VII: estímase un incremento importante con respecto ao orzamento de 2021 (15,36%), que se fundamenta en tres cuestións: a) por un lado os investimentos previstos no novo PGFU aumentan con respecto ao anterior plan, b) por outro, a execución real de 2021 foi sensiblemente superior ao previsto inicialmente, pola existencia de convocatorias

e axudas específicas, das que se espera continuidade neste exercicio (coa excepción máis salientable da convocatoria estatal de infraestruturas), c) a previsión de fondos para investimentos procedentes dos fondos Next Generation, a través das distintas administracións.

- Capítulo IX: A variación do 100% neste capítulo débese a que non se prevén ingresos por pasivos financeiros (anticipos de fondos FEDER convertibles en subvención) debido a que este mecanismo de financiamento non é actualmente empregado pola Axencia Estatal de Investigación.

Capítulo	2021	2022	2021-2022
I. Gastos de persoal	157.971.000	163.025.000	3,20%
II. Gastos en bens correntes e servizos	26.830.665	27.697.270	3,23%
III. Gastos financeiros	550.000	625.000	13,64%
IV. Transferencias correntes	3.768.290	3.999.625	6,14%
Gastos correntes	189.119.955	195.346.895	3,29%
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000	750.000	0,00%
VI. Investimentos reais	69.492.345	76.240.180	9,71%
VII. Transferencias de capital	-	-	0,00%
Gastos de capital	69.492.345	76.240.180	9,71%
Gastos non financeiros	259.362.300	272.337.075	5,00%
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	3.100.000	2.625.000	-15,32%
Gastos financeiros	3.100.000	2.625.000	-15,32%
Totais	262.462.300	274.962.075	4,76%

No relativo ao gasto, os datos más salientables de cada capítulo son os seguintes:

- Capítulo I: ademais de conter o incremento retributivo fixado para o sector público no exercicio 2022, a variación responde ás actuacións previstas na planificación de PDI e ao incremento do custo do complemento por incapacidade temporal, ao aumentar notablemente, debido en gran parte á incidencia da COVID.
- Capítulo II: experimenta un incremento para situarse en cifras análogas á execución real de 2021. Aínda que se contempla no medio prazo unha posible subida importante do custe das subministracións enerxéticas e, por efecto destas, da maior parte dos servizos e

subministracións contratadas, non se prevén grandes cambios no exercicio 2022, pola vixencia dos principais contratos actuais – que se manteñen ata o ano seguinte. Por outra parte, a USC debe estar moi atenta ás posibles continxencias da crise actual, e adoptar as medidas de eficiencia e contención do gasto que puideran ser precisas.

- Capítulo III: a previsión dos gastos financeiros increméntase á vista do contexto, no que se pode augurar unha subida dos tipos de interese.
- Capítulo IV: o incremento previsto débese á mellora da técnica orzamentaria, consignando un orzamento inicial similar ás cifras de execución do ano 2021.
- Capítulo VI: o aumento neste capítulo con respecto ao ano precedente reflicte o aumento de ingresos explicado no capítulo VII, e axústase para reflectir o gasto para a execución das axudas finalistas relativas a investigación e equipamento. Así mesmo, incremántase a dotación descentralizada aos centros e departamentos en 250.000 euros:

Crédito para	2018	2019	2020	2021	2022
Funcionamento dos departamentos	100.000	150.000	250.000	300.000	350.000
Gastos correntes centros	1.397.800	1.292.000	1.171.000	1.171.000	1.171.000
Equipamento centros	579.000	650.000	650.000	650.000	650.000
Obras RAM en centros	0	800.000	1.000.000	1.000.000	1.200.000
Total	2.076.800	2.892.000	3.071.000	3.121.000	3.371.000

- Capítulo IX: a variación de pasivos responde ás previsións de devolución de préstamos e anticipos reembolsables que é preciso afrontar no exercicio. Este capítulo é o que máis certeza presenta, por canto a cifra total responde aos vencementos programados da débeda.

Por último, inclúese unha táboa resumo coas principais actuacións comentadas:

Actuacións para o 2022	Contía
Plan de proxección social da USC	270.000 €
Plan de axudas ao alumnado	150.000 €
Plan para o PDI	950.000 €
Plan para o PAS	750.000 €
Actuacións en materia de persoal investigador e de apoio á I+D	700.000 €
Programa de xestión de ingresos por custos indirectos	400.000 €
Estratexia de consolidación da carreira investigadora	1.100.000 €

Adquisición e mellora de infraestruturas de investigación	5.000.000 €
Campus de especialización Terra	900.000 €
Plan de mellora da calidade da docencia	170.000 €
Proxecto de Cidade da Saúde	680.000 €
Espazo USC	1.000.000 €
Plan de mellora da calidade de vida dos campus	830.000 €
Plan director de enerxía e sustentabilidade	12.000 €
Imaxe e reforzo da comunicación da USC	100.000 €
Descentralización a centros e departamentos	3.371.000 €
Medidas de posicionamento, atracción e proxección internacional	150.000 €
Transformación dixital	1.400.000 €

II. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA USC PARA 2022

A xestión do orzamento da Universidade para o exercicio 2022, tanto polo que se refire aos dereitos ou ingresos como ás obrigas ou gastos, realizarase de acordo co previsto nestas bases de execución e segundo o disposto no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como polas seguintes normas:

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Regulamento de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 29 de decembro de 2020.

A última das normas citadas – Regulamento de xestión orzamentaria da USC – regula, ordena e pretende estabilizar aspectos relevantes da xestión do orzamento, polo que no articulado destas bases existirán numerosas referencias á dita norma. Por outra parte, tamén existiran referencias ao Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado igualmente no Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020.

O citado Regulamento de xestión orzamentaria da USC (en diante, Regulamento) establece no seu artigo 35 a necesidade de realizar unha planificación previa das actividades precisas para a consecución dos obxectivos fixados, de forma que se garanta a execución eficiente dos créditos do orzamento no exercicio, e o cumprimento dos prazos marcados polo ciclo orzamentario. Atendendo á premisa recollida nese artigo teranse en conta as seguintes bases normativas:

Artigo 1. Definición e contido

1. Os orzamento da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, o orzamento) constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que como máximo pode recoñecer e dos dereitos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.
2. Nos estados de ingresos do orzamento recóllense as estimacións dos dereitos recoñecidos que se prevén liquidar durante o exercicio por importe de 274.962.075 euros, distribuídos da seguinte forma:

INGRESOS

CAPÍTULO		INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS
III	PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	24.937.500	9.861.000	34.798.500
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	145.812.260	4.812.500	150.624.760
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	620.000	0	620.000
VI	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	0	0
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	32.899.295	56.019.520	88.918.815
IX	PASIVOS FINANCIEROS	0	0	0
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		204.269.055	70.693.020	274.962.075

3. Nos estados de gastos do orzamento consígnanse créditos por importe de 274.962.075 euros, distribuídos da seguinte forma:

GASTOS

CAPÍTULO		GASTOS NON AFECTADOS	GASTOS AFECTADOS	GASTOS TOTAIS
I	GASTOS DE PERSOAL	163.025.000	0	163.025.000
II	GASTOS CORRENTES	25.542.270	2.155.000	27.697.270
III	GASTOS FINANCIEROS	625.000	0	625.000,00
IV	TRANSFERENCIAS CORENTES	2.199.625	1.800.000	3.999.625
V	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	750.000	0	750.000
VI	INVESTIMENTOS REAIS	9.502.160	66.738.020	76.240.180
IX	PASIVOS FINANCIEROS	2.625.000	0	2.625.000
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		204.269.055	70.693.020	274.962.075

4. En canto aos orzamentos estimativos ou de explotación dos entes instrumentais da USC (Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P., Sociedade Xestora de Intereses da USC, SLU, Fundación Dieta Atlántica, así como o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia, e o Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, adscritos á USC) ascenden a un importe total de 16.458.660 euros.

O importe das transferencias previstas a realizar desde a USC é de 38.000 euros, de acordo coa seguinte desagregación:

Entidade	Orzamento			Subvencións		
	Explotación	Capital	Total	de explotación	de capital	Total
Fundación USC	7.977.111	60.000	8.037.111	0	0	0
Unixest	622.273	0	622.273	36.000	0	36.000
Fundación Dieta Atlántica	2.486	0	2.486	2.000	0	2.000
CITMAGA	1.995.906	65.283	2.001.189	0	0	0
CISUG	5.753.428	42.173	5.795.601	0	0	0
TOTAIS	16.356.487	102.173	16.458.660	38.000	0	38.000

Artigo 2. *Vinculación dos créditos*

1. Os créditos que figuran no orzamento de gastos asignados a centros ou unidades orgánicas terán a vinculación que se indica no artigo 23 do Regulamento, coas seguintes características adicionais:

a) Logo da aprobación da Xerencia, poderán desagregarse os créditos mantendo o nivel de vinculación necesario para ofrecer información coherente cos condicionamentos do financiamento e coas particularidades da dedución de IVE en función da natureza do gasto.

b) Os créditos destinados a gastos de persoal, terán vinculación a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que mantén a súa vinculación a nivel de artigo.

Artigo 3. Modificacíons e redistribucións de crédito

1. As modificacíons de crédito, reguladas na sección 2^a do capítulo V do Regulamento, esixirán unha proposta motivada da variación que se efectúe e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2. De acordo coa natureza xurídica prevista no artigo 26 do Regulamento non terán a condición de modificacíons as redistribucións de crédito, autorizadas polo reitor, entendidas como as transferencias que se realicen desde as partidas que teñen a consideración de fondos para dotar de crédito ás partidas para a realización das actividades específicas que se aproben, en particular:

- Actividades singulares de I+D: proxectos, contratos, reunións científicas, convenios e infraestruturas de investigación con financiamento externo.
- Cursos posgrao propio e actividades formativas singulares.
- Cursos de verán.
- Gastos de tribunais de teses de doutoramento.
- Concursos para a provisión de prazas.
- Prácticas de campo.
- Gastos ocasionados pola cesión temporal de espazos.

3. A autorización das modificacíons de crédito axustarase ao disposto no artigo 27 do Regulamento, de conformidade coas regras establecidas nos seguintes apartados.

4. Correspóndeelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:

- Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- As ampliacións de crédito.
- Con carácter xeral, as transferencias de crédito entre operacións correntes e operacións de capital.

Non obstante, habilítase ao reitor para que de xeito extraordinario poida autorizar as transferencias de crédito que se recollen nas distintas epígrafes do citado artigo 27, parágrafo 2º, do Regulamento e aquelas referidas ao seguinte suposto:

- As transferencias propostas no primeiro semestre do exercicio polos centros docentes entre os créditos recibidos para gastos correntes e investimentos, no caso de que sexa preciso atender actuacións non previstas e inaprazables.
5. A dotación do crédito aprobado para a anualidade 2022 das actividades de investigación realizarase mediante redistribucións de crédito desde as partidas de fondos que figuran nos estados de gastos, conforme o indicado no apartado 2 deste mesmo artigo que se corresponderán coa anualidade indicada na respectiva resolución de subvención e, no caso de contratos ou servizos, co importe facturado no exercicio.
6. As dotacións específicas para a realización dos cursos de posgrao faranse de xeito análogo ao establecido no parágrafo anterior mediante distribucións de crédito desde a partida de fondos ás partidas correspondentes de cada curso, segundo a proposta do Centro de Estudos Propios.

Artigo 4. Gastos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2022.
2. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos públicos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos. Así mesmo, poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custos da estrutura de persoal.
3. Terán a consideración de crédito ampliable os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof Codina.
4. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

5. As axudas destinadas a financiar os seguintes gastos imputaranse con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social:

- a) Axudas para prezos públicos dirixidas ao persoal por servizos académicos no Sistema Universitario de Galicia
- b) Medidas de apoio a traballadores que teñan ao seu cargo fillos ou fillas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.
- c) Seguros de vida, invalidez e morte.
- d) Plans de pensións.
- e) Gratuidade no uso de instalacións e servizos da universidade e cheque infantil no Campus de Lugo.
- f) Custo dos programas vacacionais de intercambio
- g) Anticipos reintegrables

Artigo 5. Compromisos plurianuais e tramitación anticipada

- 1. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas no artigo 45 do Regulamento.
- 2. Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2022 e en anos posteriores esixen a contabilización da anualidade en cadanxeu exercicio, así como a súa actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais.
- 3. Poderán tramitarse anticipadamente no exercicio 2022 expedientes de gasto, con imputación no exercicio seguinte, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos termos e condicións previstas no artigo 46 do Regulamento.
- 4. En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal para os exercicios futuros, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

5. Así mesmo, no exercicio 2022 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos administrativos ou de persoal en vigor. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado, no caso de contratos de contía variable, de acordo coa información subministrada polo servizo competente.

Artigo 6. Imputación de gastos

1. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural 2022.

2. O xerente, por delegación do reitor, poderá determinar por proposta do director ou directora da unidade de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3. Imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior a facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores e as indemnizacións por razón do servizo pendentes ao peche dese exercicio, por non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 7. Remanentes de crédito

1. De conformidade co establecido no artigo 33 do Regulamento, procederase á anulación daqueles créditos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas, salvo os supostos de incorporación previstos no parágrafo 2º dese mesmo artigo, que se refiren a gastos con financiamento afectado e á aprobación de programas propios plurianuais.

2. Poderán non obstante incorporarse adicionalmente os créditos mencionados no artigo 33.3 do Regulamento, de acordo coa posibilidade de financiamento a través do remanente non afectado de tesouraría.

3. A incorporación dos remanentes de crédito deberá ser autorizada polo reitor, e darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4. Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo únicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

Artigo 8. O fondo de continxencia e outros imprevistos

1. O crédito habilitado no capítulo V de gasto terá como finalidades prioritarias as seguintes:

- Necesidades sobrevidas e inaprazables que comprometan o normal desenvolvemento das funcións da USC, sempre que non exista un crédito específico para atendelas.
- Posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións.
- Custos financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver.
- Custes derivados da execución de sentenzas xudiciais.
- Circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i..

2. Correspóndelle á Xerencia a xestión deste fondo, quen dará conta da aplicación da súa dotación ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

3. O remanente de crédito ao final do exercicio non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

Artigo 9. Contratación administrativa

1. A contratación administrativa na Universidade de Santiago de Compostela realizarase de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e consonte o disposto nas instrucións da Xerencia vixentes. A unidade administrativa encargada de asesorar, impulsar e xestionar a contratación administrativa na USC é o Servizo de Xestión Económica, que depende da Xerencia.

2. De acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei, a tramitación dos expediente relativos a contratos menores reducirase aos requisitos e á documentación prevista nese artigo. Non obstante, salvo autorización expresa da Xerencia, será esixible a solicitude de tres ofertas para contratos que superen os 12.000 euros no caso de servizos e subministracións, e 25.000 euros no caso de obras.

Artigo 10. Responsables dos contratos

1. Terán a condición de responsables dos contratos os directores ou directoras das unidades de gasto, ou ben aquelas persoas responsables das unidades técnicas ou administrativas que propoñan a súa licitación.
2. Correspondrán ás persoas responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:
 - a) Xustificar, mediante un informe, a necesidade de celebración do contrato, así como tramitar a correspondente proposta de gasto, que deberá estar asinada e contabilizada pola persoa responsable da unidade económica.
 - b) Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
 - c) Elaborar o prego de prescripcións técnicas.
 - d) Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, colaborar co Servizo de Xestión Económica na solicitude formal de ofertas aos licitadores, e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.
 - e) Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.
 - f) Asinar as facturas correspondentes unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, suministracións ou servizos contratados.
 - g) Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente.
 - h) Pór en coñecemento do Servizo de Xestión Económica calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.
3. Nos contratos de obras, a persoa responsable do contrato será, con carácter xeral, o director facultativo da obra.
4. As persoas responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da Universidade, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

Artigo 11. Supervisión dos proxectos de obras

A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a Universidade realizarase por unha unidade de supervisión de proxectos, constituída inicialmente por unha persoa da ÁREA de Infraestruturas con habilitación para a supervisión da viabilidade técnica dos proxectos designada pola Xerencia, e por unha persoa do Servizo de Control Interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requerido para o normal desenvolvemento das súas funcións. Esta unidade será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

Artigo 12. Control de terceiros

1. Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica ás empresas, entidades e profesionais para seren adxudicatarios de contratos coa USC. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa exixible conforme o disposto na Lei 9/2017.
2. Así mesmo, deberán acreditar estaren ao día no cumprimento das obligacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, e non estaren incursos en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación de contratos públicos.
3. A USC poderá requirir a subscrición dunha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais cando se trate de empresas que exerzan actividades de prestación de servizos e, de ser o caso, aquelloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.
4. O incumprimento por parte destes empresarios dos requirimentos que se lles efectúe polos servizos competentes da Universidade, en relación coa xustificación das obligas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contraditorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

Artigo 13. Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación

1. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da Universidade derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia Universidade, esixirase segundo o disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. A infracción ou aplicación indebida por parte do persoal ao servizo da USC dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público, así como na aplicación das presentes bases, será causa de responsabilidade disciplinaria cando exista neglixencia grave debidamente probada, podendo constituir falta moi grave consonte á normativa aplicable.

Artigo 14. Tarifas

Corresponde ao Consello Social a aprobación das tarifas que a Universidade aplique pola prestación de servizos, por proposta da Xerencia, acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social.

Artigo 15. Indemnizacións por razón do servizo

1. O Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020, establece os supostos que dan dereito a abonar contías por estes conceptos con cargo ao orzamento da USC.

Para o aloxamento nas ciudades de Santiago de Compostela e Lugo, darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa. A Xerencia pode esixir a acreditación da non dispoñibilidade de praza nas citadas dependencias para autorizar a tramitación do gasto ou a reposición de fondos.

2. O artigo 9.6 do Regulamento citado prevé que, en determinadas circunstancias, poderá elevarse o importe por aloxamento ata un 50% con respecto ao importe establecido. Para a xustificación dese incremento requirirase:

- Un informe da persoa que exerce a dirección da unidade de gasto, para incrementos de ata un 10%.

- Documentación acreditativa da imposibilidade de contratación por importe inferior para incrementos superiores ao 10%.

Permitirse a imputación do gasto por aloxamento con aplicación dos anteriores incrementos porcentuais, sempre e cando estea correctamente xustificado o dito incremento e sexa considerado como elixible por parte dos organismos financiadores para os casos de créditos afectados

3. O pagamento das axudas de custo e locomoción terá carácter preferente.

Artigo 16. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros

1. Os gastos de atencións protocolarias deben ir acompañados dunha motivación suficiente, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

2. En canto ás cotas por pertenza á asociacións só poderá imputarse ao orzamento da USC o gasto correspondente a cotas a título particular cando se acredite que non existe a opción de cota institucional, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos previstos para a xustificación de fondos ás entidades financiadoras.

3. Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia, non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática, idiomas e similares.

Non obstante, poderase autorizar a imputación do gasto de formación individual nunha materia específica cando esa formación sexa necesaria para o desempeño do posto na USC . Así mesmo, poderán autorizarse este tipo de gastos en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM.

4. Nas retribucións correspondentes a conferencias cando se superen os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

5. O pagamento de retribucións por colaboracións ao Persoal de Administración e Servizos será autorizado pola Xerencia de conformidade coa normativa aplicable.

6. Libros electrónicos. A compra de libros electrónicos con cargo ao orzamento da USC non poden limitarse a un uso unipersonal, senón que os contidos deben ser accesibles de acordo cos criterios da Biblioteca Universitaria.

Artigo 17. Gastos contratados no comercio electrónico

1. Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable mediante comercio electrónico cando o provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a Universidade e inclúa os seus datos fiscais (NIF Q1518001A; enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela)

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

2. No suposto de gastos en transporte público tramitados a través de comercio electrónico non será necesaria a factura dirixida á Universidade, indicada no apartado anterior, servindo de xustificante para a axuda de custo e locomoción para a contratación de billetes de avión, tren ou outro medio de transporte público. A documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento.

3. De acordo coa política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas (pemes), presente tanto nas directivas de contratación pública comunitarias como na lexislación de contratos vixente, incentivarase na medida do posible o número de ofertas recibidas por parte de operadores económicos que reúnan tal condición.

Artigo 18. Ingresos para a compensación de custos indirectos

1. Os ingresos para a compensación dos custos indirectos serán os establecidos no anexo D dos orzamentos. A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base impoñible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo.

2. O único límite á aplicación dos custos indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elixibilidade ou non dos mesmos.

3. Por resolución reitoral poderanse aprobar porcentaxes bonificadas de ingresos por custos indirectos para actividades que, polo seu carácter estratégico ou por motivos de interese público, se aliñen cos obxectivos e fins da Institución.

Disposición adicional primeira. *Operacións de crédito a curto prazo.*

Para atender necesidades transitorias de tesouraría, autorízase ao reitor a concertar operacións de crédito a curto prazo, que non excedan de un ano, sempre que exista crédito suficiente nas partidas de gasto. Para estes efectos terán a consideración de operacións de crédito a curto prazo, entre outras, os préstamos e créditos concedidos por entidades financeiras para cubrir desfasos transitorios de tesourería..

Disposición adicional segunda. *Adaptación das partidas do orzamento.*

Se, como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto se producen cambios na codificación das partidas do orzamento, os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.

Disposición adicional terceira. *Orzamento prorrogado.*

Logo da aprobación do orzamento da USC para 2022 tomaranse as medidas necesarias para a imputación aos créditos deste das operacións de ingresos e gastos que se produciran durante a vixencia do orzamento prorrogado.

Disposición adicional cuarta. *Recoñecemento extraxudicial de créditos.*

Sen prexuízo do procedemento indicado no artigo 6 establecése un procedemento excepcional de recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de terceiros, referido a aqueles gastos que non foron legalmente establecidos para os que se dispón no exercicio corrente de crédito adecuado e suficiente. Nestes supostos a imputación ao exercicio corrente requirirá de:

- Solicitud motivada da persoa que exerza a dirección da unidade de gasto
- Informe sobre as repercusións xurídicas do recoñecemento extraxudicial de créditos
- Informe favorable do Servizo de Control Interno
- Proposta de aprobación por parte da Xerencia
- Autorización definitiva polo Consello de Goberno e Consello Social.

Disposición adicional quinta. *Clasificación das partidas do orzamento.*

1. De acordo cos obxectivos declarados na exposición de motivos do Regulamento de xestión orzamentaria, a Xerencia actualizará as clasificacións económicas das partidas de gastos e ingresos adaptándoas á clasificación da administración da Comunidade Autónoma e do Estado para aquelas tipoloxías de créditos que sexan comúns, e especificando os créditos que, pola súa singularidade, non teñan equivalencia noutras administracións.
2. A Xerencia elaborará igualmente unha proposta de clasificación funcional dos gastos, que atenderá aos fins atribuídos á USC como universidade pública, e permita unha mellor categorización e comprensión da utilización dos recursos públicos xestionados.
3. As clasificacións indicadas serán publicadas pola Xerencia e manteranse actualizadas permanentemente do mesmo xeito que a clasificación orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento das bases de execución*

Facúltase ao Xerente da Universidade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nestas bases.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Estas bases e os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela para o ano 2022 entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Social, sen prexuízo da súa aplicación desde o 1 de xaneiro de 2022.

III. ANEXOS

Anexo A. Clasificación orgánica do orzamento

ÓRGANOS DE GOBERNO

Código	Unidade
8010	Oficina Reitor
8042	Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo
8046	Vicerreitoría de Profesorado
8047	Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura
8050	Vicerreitoría de Política Científica
8051	Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación
8052	Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización
8060	Secretaria Xeral
8070	Consello Social
8075	Xerencia

CENTROS DOCENTES

Código	Unidade
5010	Facultade de Bioloxía
5011	Facultade de Ciencias
5012	Facultade de Ciencias da Comunicación
5013	Facultade de Administración e Dirección de Empresas
5014	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
5015	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
5016	Facultade de Ciencias da Educación
5017	Facultade de Formación do Profesorado
5024	Facultade de Relacións Laborais
5025	Facultade de Dereito
5035	Facultade de Farmacia
5040	Facultade de Filoloxía
5045	Facultade de Filosofía
5050	Facultade de Física
5053	Facultade de Humanidades
5055	Facultade de Medicina e Odontoloxía
5056	Facultade de Óptica e Optometría
5057	Facultade de Enfermaría
5060	Facultade de Matemáticas
5064	Facultade de Psicoloxía
5065	Facultade de Química
5070	Facultade de Veterinaria
5075	Facultade de Xeografía e Historia
5250	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
5260	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
5417	Escola Universitaria de Relacións Laborais (Lugo, adscrita)
5419	Escola Universitaria de Traballo Social (adscrita)
5433	Escola Universitaria de Enfermaría (Lugo, adscrita)

DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS

Código	Unidade
2101	Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
2103	Departamento de Dereito Común
2108	Departamento de Fundamentos da Análise Económica
2109	Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
2110	Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
2111	Departamento de Bioquímica e Biología Molecular
2112	Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
2113	Departamento de Fisioloxía
2114	Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola
2120	Departamento de Ciencias Morfológicas
2122	Departamento de Filoloxía Galega
2127	Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía

2128	Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
2132	Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
2134	Departamento de Física Aplicada
2137	Departamento de Historia da Arte
2140	Departamento de Xeografía
2142	Departamento de Matemática Aplicada
2146	Departamento de Química Inorgánica
2147	Departamento de Química Física
2148	Departamento de Química Orgánica
2149	Departamento de Enxeñaría Química
2150	Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
2151	Departamento de Electrónica e Computación
2152	Departamento de Ciencias da Comunicación
2165	Departamento de Economía Cuantitativa
2167	Departamento de Patoloxía Animal
2183	Departamento de Botánica
2186	Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá
2189	Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias
2190	Departamento de Bioloxía Funcional
2191	Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
2192	Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
2193	Departamento de Cirurxia e Especialidades Médico-Cirúrxicas
2194	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
2195	Departamento de Didácticas Aplicadas
2196	Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
2197	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
2198	Departamento de Filosofía e Antropoloxía
2199	Departamento de Historia
21A1	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xera
21A2	Departamento de Matemáticas
21A3	Departamento de Pedagoxía e Didáctica
21A4	Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría
21A6	Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
21A7	Departamento de Economía Aplicada
21A8	Departamento de Física de Partículas
21A9	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
21B1	Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización
21B2	Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN

Código	Unidade
2002	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
2003	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas (CIMUS)
2005	Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS)
2010	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)
2011	Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)

INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Código	Unidade
6010	Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
6015	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
6025	Instituto da Lingua Galega (ILG)
6030	Instituto de Criminoloxía
6036	Instituto de Materiais (iMATUS)
6040	Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" (INCIFOR)
6046	Instituto de Investigación en Análises Químicas e Biolóxicas (IAQBUS)
6065	Instituto de Investigacións Tecnolóxicas (en extinción)
6070	Instituto de Matemáticas

6075	Instituto de Acuicultura
6095	Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural (IBADER)

CENTROS DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIOS

Código	Unidade
6201	Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGa)
6202	Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)
6203	Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade (ECOBAS)

SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

Código	Unidade
7010	Biblioteca Universitaria (BUSC)
7011	Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo
7012	Biblioteca "Concepción Arenal"
7015	Arquivo Histórico
7020	Servizo de Medios Audiovisuais (SERVIMAV)
7025	Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
7033	Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento
7036	Área de Xestión de Investigación
7037	Área de Promoción e Proxectos Internacionais
7039	Área de Infraestruturas de Investigación
7040	Observatorio Astronómico "Ramon María Aller"
7050	Museo de Historia Natural
7051	Museo Domus do Mitreo
7069	Rede de Estacións Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela (REBUSC)
7505	Área Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ATIC)
7510	Imprenta Universitaria
7516	Servizo de Prevención de Riscos

SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Código	Unidade
7535	Escola Infantil Breogán
7540	Área Deportiva
7570	Servizo de Normalización Lingüística
7575	Valedor da Comunidade Universitaria
7600	Servizo Universitario de Residencias (SUR)

OUTROS CENTROS DOCENTES

Código	Unidade
5502	Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA)
5505	Centro de Estudos Propios (CEP)
5511	Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)
5512	Cuarto Ciclo
5513	Centro de Linguas Modernas (CLM)
6510	Escola de Práctica Xurídica
6610	Centro Superior de Hostalería (adscrito)

(acceso á información completa da [codificación corporativa](#))

Anexo B. Orzamento de ingresos 2022

CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	31000	Prezos públicos de matrícula en estudos oficiais de grao e máster	18.500.000	-	18.500.000
5505	31100	Prezos públicos por matrícula en estudos de posgrao propio	165.000	935.000	1.100.000
8075	31102	Universidade de verán	9.750	55.250	65.000
5513	31103	Prezos públicos. Centro linguas modernas	150.000	-	150.000
5505	31106	Matricula cuarto ciclo	55.000	-	55.000
8075	31800	Prezos outros estudos	7.500	42.500	50.000
8075	32000	Dereitos de inscrición en oposicións e concursos	100.000	-	100.000
8075	32100	Inscricións en congresos, xornadas e seminarios	37.500	212.500	250.000
7600	32200	Dereitos aloxamento servizo universitario de residencias	2.400.000	-	2.400.000
8050	32300	Servizos prestados por actividades de I+D+i	1.728.000	7.872.000	9.600.000
8075	32400	Outros servizos docencia	100.000	-	100.000
7540	32500	Ingresos por uso de instalacións deportivas	520.000	-	520.000
7535	32600	Escola Infantil Breogán	125.000	-	125.000
8075	32700	Ingresos da xestións dos museos	52.000	-	52.000
8075	32800	Servizos prestados por atención clínicas	120.000	680.000	800.000
8075	32900	Outros ingresos por prestación de servizos	11.250	63.750	75.000
7025	33000	Vendas de publicacións propias	65.000	-	65.000
8075	33200	Vendas de copias e outros	5.000	-	5.000
8075	33300	Venda de enerxía eléctrica	140.000	-	140.000
8075	38103	Ingresos por compensación de consumos, subministracións concesionarios	250.000	-	250.000
8075	38108	Ingresos por indemnizacións de contratos	6.500	-	6.500
8075	38108	Ingresos por compensacións de seguros	40.000	-	40.000
8075	38109	Ingresos por compensacións de consumos, complexo docente	100.000	-	100.000
8075	39999	Outros ingreso diversos	250.000	-	250.000
TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS			24.937.500	9.861.000	34.798.500

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	41001	SEPIE (Serv. Español Internacionalizacion) - Erasmus	-	1.800.000	1.800.000
8075	43000	Ingresos de organismos públicos autonómicos	-	450.000	450.000
8075	45101	PGFU. Financiamento non condicionado. Custe estándar	104.560.030	-	104.560.030
8075	45102	PGFU. Financiamento non condicionado. Custes asociados ao funcionamento do SUG. Consello Social	200.000	-	200.000
8075	45103	PGFU. Financiamento non condicionado. Panel de indicadores. Ingresos correntes	13.292.200	-	13.292.200
8075	45104	PGFU. Financiamento non condicionado. Complementos retributivos e compensación por matrículas	8.213.710	-	8.213.710
8075	45120	PGFU. Financiamento non condic.. Gasto corrente e mantemento de infraestruturas	9.071.460	-	9.071.460
8075	45121	PGFU. Financiamento non condic. Fomento da I+D+i e a transferencia	6.178.830	-	6.178.830
8075	45140	PGFU. Financiamento non condic. Custe estándar (prazas vinculadas)	4.228.530	-	4.228.530
8075	46000	Ingresos correntes de corporacións locais	67.500	382.500	450.000
8075	46101	Subvencións Deputación da Coruña	-	135.000	135.000
8075	47000	Ingresos correntes de empresas privadas	-	100.000	100.000
8075	47001	Convenio co Banco Santander	-	1.600.000	1.600.000
8075	48000	Ingresos de familias e institucións sen fins de lucro	-	195.000	195.000
8075	48050	Ingresos mecenado	-	150.000	150.000
TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES				145.812.260	4.812.500
145.812.260	4.812.500	150.624.760			

CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8075	54000	Cesión de espazos	400.000	-	400.000
8075	55000	Concesións administrativas	170.000	-	170.000
8075	59000	Outros ingresos patrimoniais	50.000	-	50.000
TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS				620.000	620.000

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Código orgánico	Código económico	Denominación	Crédito non afectado	Crédito afectado	Crédito total
8050	70100	Recursos para I+D procedentes de órganos ministeriais	145.000	2.755.000	2.900.000
8075	70199	Fondos estatais para programas do plan de transformación, recuperación e resiliencia	-	3.000.000	3.000.000
8050	73000	Fondos para I+D Axencia Estatal de Investigación	2.960.000	12.057.780	15.017.780
8050	73002	Recursos investigación. Instituto de Salud Carlos II	41.250	233.750	275.000
8050	75000	PGFU. Fomento da investigación	4.186.475	26.805.000	30.991.475
8075	75001	PGFU. Financiamento non condicionado. Panel de indicadores	13.867.050	-	13.867.050
8075	75002	PGFU. Mantemento de infraestruturas	3.585.870	-	3.585.870
8075	75011	Convenios coa Administración Autonómica para investimentos	-	100.000	100.000
8075	75060	PGFU. Financiamento non condicionado. Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica	4.762.240	-	4.762.240
8075	75200	Transferencias de capital de entes públicos autonómicos	142.660	1.283.940	1.426.600
8075	75202	Fondos INEGA para actuacións en eficiencia enerxética	-	472.300	472.300
8050	76000	Corporacións locais. Recursos investigación	32.500	242.500	275.000
8075	76002	Subvencións Concello de Santiago de Compostela	-	100.000	100.000
